

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 27 de decembro de 2007

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a Elena Maure Noia
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D^a Carmen Silva Rego

NON ASISTE:

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e sete de setembro de dous mil sete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(2246).- CONVALIDACIÓN FACTURA ASISTENCIA TÉCNICA MONTAXE E DESENVOLVEMENTO DO XORNAL DIXITAL E DA PÁXINA WEB DO CONCELLO DE VIGO, POR 21.254,87 . EXPTE. 4570/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de data 17-12-07 do xefe de RR PP e Protocolo, conformado pola concelleira da Área de Economía e Facenda e visto así mesmo o informe da Intervención Xeral de data 19-12-07, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Convalidar a actuación do gasto realizado sen fiscalización previa que figura na factura emitida por Ubiagrandas, S.L. (B-36916492), pola asistencia técnica para montaxe e desenvolvemento do xornal dixital e paxina web do Concello de Vigo durante os meses de Xaneiro a Setembro do ano 2007, por un importe de 21,254,87 Euros (IVE Engadido).

Segundo.- Recoñecer a obriga a favor de Ubiagrandal, S.L. (B-36916492), con cargo a partida orzamentaria 111.0.227.06.00 (Bolsa Vinculación) por importe de 21,254,87 Euros (IVE Engadido).

Terceiro.- Dispoñer o gasto e aboar a factura a favor de Ubiagrandal, S.L. (B-36916492), con cargo a partida orzamentaria 111.0.227.06.00 (Bolsa Vinculación) por importe de 21,254,87 Euros (IVE Engadido).

2(2247).- CONVALIDACIÓN DE GASTO PARA DIFUSIÓN DE PROGRAMA DAS ACTIVIDADES DA CONCELLERÍA POLAS FESTAS DE VERÁN 2007. EXPTE. 2418/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe do Servizo de Animación Sociocultural do 13-12-2007, conformado polo concelleiro delegado de Cultura e Animación Sociocultural e pola Intervención Xeral en data 19-12-2007, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Convalidar a actuación e gasto realizado sen fiscalización previa que figura na seguinte factura:

Factura nº 2007/494 a favor da empresa ANÓNIMO PUBLICIDAD, S.L., C.I.F. B-36.721.900 polo importe de 6.800,00 (seis mil oitocentos) euros, en concepto de Cuñas Vigo Folk Celta.

2º.- Recoñecer e dispoñer o gasto a favor de Anónimo Publicidad S.L. (CIF B-36.721.900) con cargo á bolsa de vinculación da partida 4512.226.0805 por importe de 6.800 euros.

3(2248).- MODIFICACIÓN DA TRAZA DO APARCADOIRO SUBTERRÁNEO DE USO MIXTO DA RÚA POLICARPO SANZ. EXPTE. 18144/240.

Este expediente incluíuse por duplicado erroneamente. O contido deste apartado atópase no punto 13 desta mesma acta.

4(2249).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE “SECURITAS SEGURIDADE ESPAÑA”. EXPTE. 1383/321.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do 27-09-07 do xefe de Participación e Atención Cidadá, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, vistos así mesmo os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral de datas 15-10-07 e 18-12-07, respectivamente, a Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro.- Aprobar a indemnización substitutoria polas actuacións e o gasto realizado de conformidade coa Base 28ª das de execución do orzamentaria para o ano 2007, por un importe total de 4.259,31 € (catro mil douscentos cincoenta e nove euros con trinta e un centimos) a favor de Securitas Seguridad España S.A. e CIF A-79252219.

Segundo.- Recoñecer a abriga a favor de Securitas Seguridad España S.A. e CIF A-79252219, polo importe total de 4.259,31 € (catro mil douscentos cincoenta e nove euros con trinta e un centimos).

Terceiro.- Dispoñer o gasto a favor de Securitas Seguridad España S.A. e CIF A-79252219 para o abono das facturas 3601V200030, 3603V220079, 3604V220093, 3605V220127 polo importe total de 4.259,31 €, xa que o traballo se prestou de conformidade e a demora na tramitación do expediente non é atribuíble a mesma con cargo a partida 4631 2270100.

5(2250).- PRESTACIÓN DE AXUDA NO FOGAR. ALTAS EXPTE.12/1.862, 12/941, 12/1.008, 02/1925, 04/1347, 04/1650, 22/2030,21/287 E 21/1841.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes da traballadora social responsable do Programa do Servizo de Axuda no Fogar, conformados pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D. Francisco González Domínguez. Expte. 12/1862
- D^a Erlinda Iglesias González. Expte. 12/941
- D. Rogelio Gestoso Fernández. Expte. 12/1008
- D^a Jovita Freiría Pérez. Expte. 1925/02
- D^a Juana Castro Rodríguez. Expte. 04/1347
- D. Fernando Larrañaga Ramos. Expte. 4/1650
- D. Antonio Araujo García. Expte. 22/2030
- D^a Beatriz Prieto Marzoa. Expte. 21/287
- D^a Margarita Caparrós Adamuz. Expte. 21/1841

6(2251).- BASES PARA SUBVENCIONES A ENTIDADES E ASOCIACIONES PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 19735/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta de data 10-12-2007 da xefa de sección de Planificación de Servizos Sociais e Instructora do Expediente, conformado polo xefe de Área de Acción Social e pola concelleira-delegada de Benestar Social, visto que figura no expediente o informe de fiscalización da Intervención Xeral de data 21-12-2007, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Conceder, con cargo á partida 3130.489.00.00 do vixente orzamento, as subvencións ás asociacións que de seguido se relacionan para os programas, proxectos e actividades desenvolvidos no ano 2007, dentro do Programa de subvencións a entidades e asociacións sen ánimo de lucro para o fomento de actividades de benestar social para o ano 2007, por un importe total de vinte cinco mil euros (25.000,00 €):

Conceder para actividades

Nº	Organización	Nif	Fecha solicitude	Cantidade solicitada	Tipo asociación	Puntuación	Importe proposto	Actividade subvencionada
1	A.I.D.A	G36818649	19/3/07	3.000,00	Estranxeiros	50	1.255,02	Celebración semana africana y concerto escolar
2	AFIBROPO	G36846822	17/3/07	1.800,00	Enfermidade concreta	33	828,31	Obradoiro de autoestima
3	AGAJA	G36730059	21/3/07	3.000,00	Enfermidade concreta	29	727,91	Asistencia psicolóxica os afectado e familiares
4	AMENCER	G36153757	14/3/07	4.000,00	Discapacitado	47	1.179,72	Talleres de relaxación y de habilidades
5	ASEM	G36925691	16/3/07	4.000,00	Enfermidade concreta	50	1.255,02	Proxecto Acotiom
6	ASPANAEX	G36605905	22/3/07	6.000,00	Discapacitados	50	1.255,02	Marcha anual
7	ASPAVI	G36870558	20/3/07	1.700,00	Discapacitados	37	928,71	Curso Manipulador de alimentos
8	ASVIDAL	G36627453	21/3/07	3.000,00	Enfermidade concreta	50	1.255,02	Curso formación de T. S.
9	COGAMI	G36704195	22/3/07	2.500,00	Discapacitados	50	1.255,02	Actividades culturais dos asociacións
10	FUNDACIÓN MENELA	G36685964	21/3/07	3.690,00	Discapacitados	44	1.104,42	Campamento urbano
11	FUNDACIÓN MENIÑOS	G15551120	20/3/07	4.000,00	menores en risco	50	1.255,02	Cofinanciación do programa ayúdanos a cambiar el mundo de Milu
12	FUNDACIÓN QUINESIA	G36814309	22/3/07	1.600,00	Discapacitados	16	401,61	Formación en novas tecnoloxias

13	HEMOFILIA	G15220577	26/3/07	3.977,00	Enfermidade concreta	14	351,41	Asistencia a jornadas de Murcia
14	HOSPITALIDAD NUESTRA SRA. DE LOURDES	G36776128	21/3/07	3.500,00	grupos vulnerables	31	778,11	Cofinanciación de viajes de enfermos Lourdes
15	PROXECTO HOME	G15258213	21/3/07	10.000,00	adiccións especiais	47	1.255,02	Confinación de programa Acougo
16	SAN FRANCISCO	G36613891	15/3/07	2.100,00	Discapitados	47	1.179,72	Confinación de la semana de información
17	HOGAR Y CLÍNICA DE SAN RAFAEL	Q3600336F	22/3/07	14.374,36	Discapitados	47	1.179,72	Cofinanciación del programa de ocio y tiempo libre
18	AGG(AS.GALLEGA PARA LA PREV. DEL GLAUCOMA)	G36959971	12/3/07	3.465,00	Enfermidade concreta	38	451,81	Asistencia a congreso de personas de baja visión
19	COMITÉ D.PRESOS" CONCEPCIÓN ARENAL"	G36940591	21/3/07	782,00	grupos vulnerables	12	301,20	Proyecto de intervención en la prisión de La Lama
20	AYUVI	G36802536	16/3/07	3.740,00	grupos vulnerables	36	903,61	Proyecto de habilidades sociales para madres
21	FUNDAC. ALDABA	G82453606	21/3/07	8.000,00	grupos vulnerables	44	1.104,42	Programa adopta un hermano
22	FUND. IGUALARTE	G36427524	22/3/07	2.000,00	Discapitados	36	903,61	Talleres de terapia ocupacional/logopedia
23	ANHIDA	G36938272	20/3/07	4.000,00	grupos vulnerables	34	853,41	2ª xornadas hiperactividade
24	FUNDACIÓN INTEGRAL	G36880615	14/3/07	3.500,00	Discapitados	34	928,71	Integración laboral persoas con discapacidade intelectual
25	ASOCIACIÓN INCLUSIÓN	G36921898	22/3/07	4.000,00	grupos vulnerables	18	451,81	Campaña sensibilización
26	ASOCIACIÓN AMARANTE	G36352359	22/3/07	2.400,00	Estranxeiros	38	953,82	Programa "Vigo con vista al Sur"
27	FEDERACIÓN ASOCIACIONES DE FAMILIARES DE ENFERMOS MENTALES	G15545353	22/3/07	4.000,00	Discapitados	28	702,81	Campaña de sensibilización a cerca de los discapacitados

2º.- Conceder, con cargo á partida 3130.489.00.00 do vixente orzamento, subvencións ás asociacións que de seguido se relacionan para mantemento no ano 2007, dentro do Programa de subvencións a entidades e asociacións sen ánimo de lucro para o fomento de actividades de benestar social para o ano 2007, por un importe total de corenta e sete mil trinta e un con vintasete céntimos (47.031,27 €):

conceder para mantemento:

Nº	Organización	Nif	Cantidade solicitada	Importe proposto	Custo total mantemento	% subvencionado
1	A.I.D.A	G36818649	4.000,00	2.125,78	12.000,00	17,9051

2	GAJA	G36730059	3.000,00	1.815,77	60.000,00	3,4318
3	AMENCER	G36153757	4.000,00	2.037,20	55.200,00	3,7302
4	APAMP	G36624120	4.000,00	2.125,78	515.751,12	0,4166
5	ARVI	G36730521	800,00	800,00	15.065,00	5,3103
6	ASEM	G36925691	4.000,00	1.594,33	89.760,00	1,7953
7	ASPANAEX	G36605905	17.300,00	2.125,78	23.300,00	9,2215
8	ASPAVI	G36870558	3.871,00	1.948,63	49.835,00	3,9522
9	ASVIDAL	G36627453	4.000,00	1.682,91	35.153,00	4,8388
10	AVIDEPO	G36821171	1.200,00	1.505,76	4.560,00	33,37574
11	C.I.T.E.-CC.OO	G15374598	3.575,00	2.125,78	37.765,79	5,6893
12	COGAMI	G36704195	1.500,00	1.500,00	14.168,56	14,5328
13	FUNDACIÓN QUINESIA	G36814309	400,00	400,00	72.588,44	0,5511
14	FUNDACIÓN SALVORA	G36733046	4.000,00	1.594,33	94.959,00	1,6970
15	HEMOFILIA	G15220577	13.931,63	1.594,33	13.931,63	11,5669
16	PROXECTO HOME	G15258213	20.000,00	1.904,34	450.754,99	0,4270
17	SAN FRANCISCO	G36613891	13.500,00	2.037,20	2.588.225,81	0,0796
18	AUTISMO	G36849883	4.000,00	2.037,20	18.634,80	11,0497
19	FUNDAC. ALDABA	G82453606	4.000,00	1.771,48	21.860,00	8,1908
20	FUND. IGUALARTE	G36427524	4.000,00	1.860,05	82.872,66	2,2686
21	ANHIDA	G36938272	4.000,00	1.195,75	21.000,00	5,7552
22	FUNDACIÓN INTEGRAL	G36880615	6.000,00	1.948,63	37.664,33	4,2785
23	ASOCIACIÓN INCLUSIÓN	G36921898	4.000,00	1.195,75	38.154,00	3,1677
24	GALICIA ACOLLE	G15885981	3.700,00	1.860,05	13.546,96	13,8779
25	ASOCIACIÓN PERSONAS SORDAS	G36622835	3.954,07	2.125,78	120.788,33	1,7788
26	ASOCIACIÓN DE DIABÉTICOS	G36822286	5.495,00	1.594,33	16.281,05	9,8978
27	FUNDACION BALMS PARA LA INFANCIA	G36907038	2.540,00	1.284,32	2.540,00	44,0578
28	FASE DE ENCUENTRO	G15438955	4.000,00	1.240,04	188.508,86	0,6649

E Denegar

	Entidade/asociación	Causa
1	Escola de formación social G36619856	Bases 4º apartado 2. (educación) Non actualiza documentación no mes de outubro e comunicannos a intención de cerrar a entidade.
2	Hoy por mañana G36806917	Base 4 apartado 1. Non actualiza documentación no mes de outubro
3	Asociación contra el cáncer G28197564	Base 4 apartado 1. Non actualiza documentación no mes de outubro
4	Fundación Cume G36797579	Falta de documentación. Non actualiza documentación no mes de outubro
5	Centro cultural Valladares G36617082	Fora de prazo. Non actualiza documentación no mes de outubro

6	Implicado para el desenvolvemento G36838464	Bases 4º apartado 2. (cooperación ó desenvolvemento) Non actualiza documentación no mes de outubro
7	Alecrín G36633154	Base 4 apartado 1. Non actualiza documentación no mes de outubro
8	AA VV la unión de Matamá G36654036	Bases 4º apartado 2. Non actualiza documentación no mes de outubro
9	AA VV de Teis G36646545	Bases 4º apartado 2. Non actualiza documentación no mes de outubro
10	Nautilus G36631703	Bases 4º apartado 2. Non actualiza documentación no mes de outubro
11	AA VV San Mamede G36691855	Bases 4º apartado 2.
12	Sociedad deportiva Atlántida G36620854	Bases 4º apartado 2. Non actualiza documentación no mes de outubro
13	Sociedad cultural Cabral G36651073	Bases 4º apartado 2. Non actualiza documentación no mes de outubro
14	Asociación enfermos Parkinson G36962447	Non actualiza documentación no mes de outubro por defunción do presidente e diferente problemas internos
15	Asociación vecinal San Xurxo G36648988	Bases 4º apartado 2. Non actualiza documentación no mes de outubro
16	AVCD Monte da Mina G36623593	Bases 4º apartado 2. Non actualiza documentación no mes de outubro
17	FADENGA G36620037	Ten débedas co Concello
18	Asociac Uruguayos G36954337	No apostado certificado axencia tributaria
19	Sodinautica G36796142	Ten débedas co Concello
20	ALIAR G36844694	Falta de documentación. Non actualiza documentación no mes de outubro

3º.- Modificar o punto 3 da base 11 das “Bases reguladoras e convocatoria do programa de subvencións a entidades e asociacións sen ánimo de lucro para o fomento de actividades de Benestar Social ano 2007” quedando como sigue: “os beneficiarios xustificarán a proposta subvencionada ata, como máximo, o 29 de febreiro de 2008. De non cumprirse este requisito perderase o dereito de percibir a axuda”.

7(2252).- CONVALIDACIÓN DE GASTO A FAVOR DA EMPRESA SAMYL, S.L., POLO SERVIZO DE LIMPEZA DO VERBUM. EXPTE. 480/340.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe da Área de Acción Social e responsable do Museo Verbum do 12-12-07, coa conformidade do concelleiro da área de Cultura e Animación Sociocultural, visto así mesmo que figura no expediente o informe da Intervención Xeral de data 18-12-07, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Convalidar o gasto que figura nas facturas A 722, A 842, A 1058, A 1197, A 1322 e A 1635 que se achegan ao expediente, por un importe total de 48.860 € (corenta e oito mil oitocentos sesenta euros), a favor de Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L. (SAMYL, S.L.) con CIF: B 47037577 que deben ser imputados ó RC 10426 da Partida 4510.227.00.00 “Casa das Palabras: Servicio Limpieza”.

Segundo.- Recoñecer a obriga a favor da SAMYL, S.L., CIF: B 47037577, por un importe total de 48.860 €, en concepto de prestación do servizo de limpeza do Verbum durante o periodo 24/04/2007 ao 31/12/2007, con cargo á partida 4510.227.00.00 “Casa das Palabras: Servicios Limpeza”.

Terceiro.- Aboar a SAMYL, S.L., CIF: B 47037577, as facturas A 722, A 842, A 1058, A 1197, A 1322 e A 1635, por un importe total de 48.860 €, con cargo á partida 4510.227.00.00 “Casa das Palabras: Servicios Limpeza”.

8(2253).- CONVALIDACIÓN DE GASTO A FAVOR DA EMPRESA SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A., POLO SERVIZO DE VIXIANCIA E MANTEMENTO DO VERBUM.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 12-12-07 do xefe da área de Acción Social e responsable do Museo Verbum, conformado polo concelleiro da área de Cultura e Animación Sociocultural, visto así mesmo que figura no expediente o informe da Intervención Xeral de data 19-12-07, a Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro.- Convalidar o gasto que figura nas facturas 3606L200009, 3607L200010, 3608L200011, 3609L200012, 3610L200013, 3611L200014 e 3612L200015 que se achegan ao expediente, por un importe total de 79.138,95 € (setenta e nove mil cento trinta e oito euros con noventa e cinco céntimos), a favor de Securitas Seguridad España S.A, con CIF: G 83643338 que deben ser imputados o RC 10386 da Partida 4510.227.01.01 “Casa das Palabras: Seguridade”. Asimesmo, convalidalo gasto que figura na factura 3612L200016 por un importe de 3.798,70 € (tres mil setecentos noventa e oito euros con setenta céntimos) a favor de Securitas Seguridad España S.A, con CIF:G 83643338 que deben ser imputados o RC 10427 da Partida 4510.213.00.01 “Casa das Palabras: mantemento maquinaria, instalacións”.

Segundo.- Recoñecer a obriga a favor da Securitas Seguridad España, S.A., CIF G 83643338, por un importe total de 79.138,95 € , en concepto de prestación do servizo de vixilancia do Verbum durante o periodo 06/05/2007-31/12/2007, con cargo á Partida 4510.227.01.01 “Casa das Palabras: seguridade” e un importe de 3.798,70 € en concepto de prestación do servizo de mantemento de instalacións de seguridade do Verbum durante o periodo 06/05/2007-31/12/2007, con cargo á partida 4510.213.00.01 “Casa das Palabras: mantemento maquinaria, instalacións”.

Terceiro.- Aboar a Securitas Seguridad España, S.A., con CIF G 83643338, as facturas 3606L200009, 3607L200010, 3608L200011, 3609L200012, 3610L200013, 3611L200014 e 3612L200015 por un importe total de 79.138,95 €, con cargo á partida 4510.227.01.01 “Casa das Palabras: seguridade” e tamén a factura nº 3612L200016 por un importe de 3.798,70 €, con cargo á partida 4510.213.00.01 “Casa das Palabras: mantemento maquinaria, instalacións”.

9(2254).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE IMPLANTACIÓN DA INSTRUCCIÓN DE CONTABILIDADE E DO PLAN XERA DE CONTABILIDADE. EXPTE. 100622/140.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 04-12-2007 do xefe de negociado de Contratación, conformado pola concelleira-delegada de Facenda e pola Intervención Xeral, visto así mesmo o informe favorable da Asesoría Xurídica de data 20-12-2007, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Darse por enterada da fusión por absorción de T-Systems ITC Iberia, S.A. (sociedade absorbente) e Tecnicos en Automatizació d´Oficinas, S.A. (TAO) (sociedade absorbida) e polo tanto a primeira

delas subrogase en tódolos dereitos e obrigas resultantes do contrato de implantación da instrucción de contabilidade na xestión económica do Concello de Vigo adxudicado por acordo da Xunta de Goberno de Vigo de 26-12-2005.”

2.- Aproba-la modificación do contrato de implantación da instrucción de contabilidade na xestión económica do Concello de Vigo, por un importe de 46.214,4 euros.

3.- Adxudica-la indicada modificación do contrato á empresa de T-Systems ITC Iberia, S.A polo indicado importe, e nas mesmas condicións que rexeron a contratación inicial.

10(2255).- ADQUISICIÓN DUNHA AUTOBOMBA FORESTAL. EXPTE. 641/213.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa porposta da Mesa de Contratación realizada o día 12 de decembro de 2007, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Rexeitar a proposta presentada por Asflex Eurofire, S.L. para participar no concurso para a subministración dunha autobomba forestal pesada e vehículo de altura para o servizo de Bombeiros. (expte. 641-213) por non cumprir o vehículo forestal proposto a norma EURO IV de emisión de fumes esixida no prego de cláusulas técnicas.

2º.- “Adxudicar a “Iturri, S.A.” o concurso para a contratación da subministración dunha autobomba forestal pesada e vehículo de altura para o servizo de Bombeiros. (expte. 641-213) por un importe de 1.098.900 euros, dos que 219.030 euros corresponden a autobomba forestal e 879.870 euros ó vehículo de altura, comprometendose a execución das seguintes melloras:

- 1 Aumentar o prazo de garantía en 48 meses.
- 2 Reforma do vehículo de altura que se atopa no servizo de Bombeiros recuperando o chasis para transforma-lo nun vehículo nodriza de alta capacidade de auga.

11(2256).- DESESTIMACIÓN A Dª ANA Mª FERNÁNDEZ DA RECLAMACIÓN DESAFECTACIÓN CAMIÑO PÚBLICO EN VERDELLA. EXPTE. 17630/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admon. Xeral de data 10-12-2007 da Unidade de Patrimonio, conformado pola xefa da área de Réxime Interior e polo concelleiro de Patrimonio que si o seguinte:

“*NORMATIVA DE APLICACIÓN*

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).*
- *Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).*
- *Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).*
- *Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).*
- *Lei 30/1992, de 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común (LRJAP).*

- *Lei 1/2001, de 7 de enero, de Enxuízamento Civil (LEC).*
- *Real Decreto de 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).*

ANTECEDENTES

“Primeiro.- Dona Ana M. Fernandez Alvarez presenta escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de .11-01-2006, solicitando a desafectación do carácter de ben de dominio público do tramo que parte do camiño Verdella , que figura no Inventario Municipal de bens e dereitos como vial público, camiño Verdella R-2, orixe en Camiño Verdella, final en finca particular con unha lonxitude de 200 metros e sección de 4,50 ml parroquia de Oia. Achega coa solicitude os planos e escrituras da súa propiedade.

Segundo.- Na instrución do expediente foron levados a cabo os trámites procedementais regulamentarios e emitidos os pertinentes informes por parte dos técnicos dos servizos municipais competentes nas diversas materias que puideran incidir no obxecto do expediente, e na resolución que finalmente deban adoptar os órganos competentes desta Administración, constando os seguintes:

- *Informe do Arquitecto municipal da Oficina Técnica da Unidade de Patrimonio, de data 29 de xuño de 2007*
- *Informe do Servizo de Electromecánicos, de data 29 de xuño de 2007*
- *Informe do Servizo de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 6 de agosto de 2007.*
- *Informe de Vías e Obras de data 25 de xuño de 2007.*

Terceiro.- Así mesmo, outorgouse tramite de audiencia a A.VV de San Miguel de Oia e os propietarios de parcelas colindantes, na súa condición de interesados no procedemento como titulares de dereitos que poideranse ver afectados pola solicitude de descatalogación plantexada, nos termos dos artigos 31 e 84 LRJAP, (constando a formulación de alegacións por Valterra Tres S L, Maria Juana González Alonso, e Milagros Hermida Perez).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Identificación do ben controvertido. O camiño obxecto da presente reclamación figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por Acordo Plenario de data 4 de maio de 1993, no epígrafe I de bens inmóveis, co número de propiedade 4.910, como ben de dominio público afecto ó uso público e, en su condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal.

Segundo.- Natureza xurídica de ben de dominio público do camiño de Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopan afectados ó uso xeral ou ó servizo público, así como aqueles ós que una lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LBRL, 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración de bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local (artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL).

Terceiro.- Carácter do Inventario Municipal de bens e dereitos. Entre os medios e facultades que establece o ordeamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das Administracións públicas atopáse a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario deberá autorizarse polo Secretario da Corporación local, co visto bo do Presidente, e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL), ou ben, no caso dos municipios de gran poboación, a Xunta de Goberno local (artigo 127.1.f LBRL).

*O Inventario Municipal de bens e dereitos do Excmo. Concello de Vigo foi aprobado definitivamente por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, con referencia ó 31 de decembro de 1991. Para a súa aprobación se seguiu o procedemento establecido no **artigo 49 LBRL** para a aprobación das ordenanzas locais, aínda que as*

disposicións legais aplicabeis non o exísen, para maior garantía dos dereitos e intereses dos administrados: a) aprobación inicial polo Pleno municipal, en data 19 de decembro de 1992 ; b) información pública e audiencia ós interesados por prazo de 30 días para formulación de alegacións e presentación de reclamacións, no seu caso ; c) resolución de todas as reclamacións presentadas dentro de prazo; d) aprobación definitiva polo Pleno. No entanto, é de reseñar que durante o período de información pública non consta que se tivese formulado ningunha alegación en relación coa inclusión do camiño obxecto do presente expediente no Inventario Municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente ás vías públicas, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do mencionado inventario. En consecuencia, o camiño de referencia foi considerado vía pública de titularidade municipal integrante do patrimonio municipal en condición de ben de dominio público afecto ó uso público.

Tras o Acordo Plenario de aprobación definitiva do Inventario Municipal de bens e dereitos este deviu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e goza, polo tanto, da lexitimidade, validez e executividade que o noso ordeamento xurídico atribúe os actos administrativos firmes (artigos 56 e 57 LRJAP).

Cuarto.- Respecto a cuestión da rectificación inventarial solicitada. O presente expediente ten como finalidade determinar se é correcta a inclusión no epígrafe I do inventario municipal do camiño en cuestión en atención ó seu uso público, ou, en caso contrario, de non concorrer esta circunstancia, se procede rectificar o inventario, dando de baixa, dado que a Administración municipal non pode entrar en cuestións de propiedade ó corresponder a competencia para o seu coñecemento e resolución á xurisdicción civil. Neste senso, a controversia centrase na configuración ou non dese camiño como público en virtude da súa afectación ó uso público e da posesión pública e pacífica do mesmo polo Concello de Vigo. Así, á vista dos informes dos técnicos municipais e da documentación obrante no expediente, dedúcese que é indubitado o uso público do camiño de referencia . Se temos en conta que o ordeamento xurídico recoñece as corporacións locais plena capacidade xurídica para a adquisición de toda clase de bens e dereitos por calquera medio válido en dereito (artigos 5 LRBRL; 270 e 275 da LALG; 8.4.c, 9, 14.1 RBEL) podemos concluir que non procede a rectificación inventarial solicitada posto que prima facie parece que o tramo que parte do camiño de Verdella R-2 é de propiedade municipal e as Administracións públicas teñen a obriga de protexer e defender os seus bens e dereitos, tendo prohibido o alleamento fronte as demandas formuladas contra eles (artigos 5, 68.1 LRBRL; 270, 284.2, 285 LALG; 220 ROF e 9 e 73 RBEL).

Quinto.- Natureza xurídica da presente reclamación. A reclamación en vía administrativa, segundo dispón o artigo 120.1 LRJAP, é requisito previo ó exercicio de accións fundadas en dereito privado ou laboral contra calquera Administración Pública, salvo nos supostos nos que este requisito estea exceptuado por una disposición con rango de lei. No caso que nos ocupa, dado que trátase dunha cuestión de propiedade, e a declaración da existencia de dereitos, de acordo co disposto no **artigo 5 da LEC**, é competencia dos tribunais do orde xurisdiccional civil, resulta procedente a interposición de reclamación administrativa previa, carácter que cabe predicar da presente reclamación aínda que o interesado non a denomine formalmente deste xeito, en virtude do antiformalismo que preside a regulación dos procedementos administrativos na Lei 30/1992, de 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común, por analoxía co disposto no **artigo 110 LRJAP** respecto dos recursos administrativos.

Sexto.- Órgano competente para a resolución da reclamación administrativa previa. Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do expediente de alteración da cualificación xurídica dos bens a Xunta de Goberno Local de acordo co disposto no artigo 127.1.f da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local.

Polo anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Desestimar a reclamación administrativa previa á vía xurisdiccional civil formulada por Dna. Ana M. Fernandez Alvarez mediante escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 11-01-2006, ó non resultar procedente, á vista dos fundamentos xurídicos recollidos no corpo do presente escrito, a rectificación inventarial solicitada respecto do tramo que parte do camiño Verdella recollido no epígrafe I de bens inmobles do Inventario municipal de bens e dereitos co número de propiedade 4.910.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(2257).- DESESTIMACIÓN A D. JUAN ROMÁS ALVAREZ DA RECLAMACIÓN DESAFECTACIÓN DO CAMIÑO PÚBLICO EN VERDELLA. EXPTE. 17629/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admon. Xeral do 11-12-2007, conformado pola xefa da área de Réxime Interior e polo concelleiro de Patrimonio que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).*
- *Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).*
- *Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).*
- *Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).*
- *Lei 30/1992, de 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común (LRJAP).*
- *Lei 1/2001, de 7 de enero, de Enxuízamento Civil (LEC).*
- *Real Decreto de 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- D. Juan Tomas Alvarez Rial presenta escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 10-01-2006, solicitando a desafectación do carácter de ben de dominio público do tramo que parte do camiño Verdella, que figura no Inventario Municipal de bens e dereitos como vial público, camiño Verdella R-2, orixe en Camiño Verdella, final en finca particular con unha lonxitude de 200 metros e sección de 4,50 ml parroquia de Oia. Achega coa solicitude os planos e escrituras da súa propiedade.

Segundo.- Na instrución do expediente foron levados a cabo os trámites procedementais regulamentarios e emitidos os pertinentes informes por parte dos técnicos dos servizos municipais competentes nas diversas materias que puideran incidir no obxecto do expediente, e na resolución que finalmente deban adoptar os órganos competentes desta Administración, constando os seguintes:

- *Informe do Arquitecto municipal da Oficina Técnica da Unidade de Patrimonio, de data 29 de xuño de 2007*
- *Informe do Servizo de Electromecánicos, de data 29 de xuño de 2007*
- *Informe do Servizo de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 6 de agosto de 2007.*
- *Informe de Vías e Obras de data 25 de xuño de 2007.*

Terceiro.- Así mesmo, outorgouse tramite de audiencia a A.VV de San Miguel de Oia e os propietarios de parcelas colindantes, na súa condición de interesados no procedemento como titulares de dereitos que poideranse ver afectados pola solicitude de descatalogación plantexada, nos termos dos artigos 31 e 84 LRJAP, (constando a formulación de alegacións por Valterra Tres S L, Maria Juana González Alonso, e Milagros

Hermida Perez).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Identificación do ben controvertido. O camiño obxecto da presente reclamación figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por Acordo Plenario de data 4 de maio de 1993, no epígrafe I de bens inmobles, co número de propiedade 4.910, como ben de dominio público afecto ó uso público e, en su condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal.

Segundo.- Natureza xurídica de ben de dominio público do camiño de Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopen afectados ó uso xeral ou ó servizo público, así como aqueles ós que una lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LBRL, 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración de bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuia conservación e policía sexan competencia da entidade local (artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL).

Terceiro.- Carácter do Inventario Municipal de bens e dereitos. Entre os medios e facultades que establece o ordeamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das Administraciones públicas atopáse a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destiño ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario deberá autorizarse polo Secretario da Corporación local, co visto bo do Presidente, e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL), ou ben, no caso dos municipios de gran poboación, a Xunta de Goberno local (artigo 127.1.f LBRL). O Inventario Municipal de bens e dereitos do Excmo. Concello de Vigo foi aprobado definitivamente por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, con referencia ó 31 de decembro de 1991. Para a súa aprobación se seguiu o procedemento establecido no artigo 49 LBRL para a aprobación das ordenanzas locais, aínda que as disposicións legais aplicabeis non o exísen, para maior garantía dos dereitos e intereses dos administrados: a) aprobación inicial polo Pleno municipal, en data 19 de decembro de 1992 ; b) información pública e audiencia ós interesados por prazo de 30 días para formulación de alegacións e presentación de reclamacións, no seu caso ; c) resolución de todas as reclamacións presentadas dentro de prazo; d) aprobación definitiva polo Pleno. No entanto, é de reseñar que durante o período de información pública non consta que se tivese formulado ningunha alegación en relación coa inclusión do camiño obxecto do presente expediente no Inventario Municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente ás vías públicas, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do mencionado inventario. En consecuencia, o camiño de referencia foi considerado vía pública de titularidade municipal integrante do patrimonio municipal en condición de ben de dominio público afecto ó uso público. Tras o Acordo Plenario de aprobación definitiva do Inventario Municipal de bens e dereitos este deviu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e goza, polo tanto, da lexitimidade, validez e executividade que o noso ordeamento xurídico atribúe os actos administrativos firmes (artigos 56 e 57 LRJAP).

Cuarto.- Respecto a cuestión da rectificación inventarial solicitada. O presente expediente ten como finalidade determinar se é correcta a inclusión no epígrafe I do inventario municipal do camiño en cuestión en atención ó seu uso público, ou, en caso contrario, de non concorrer esta circunstancia, se procede rectificar o inventario, dando de baixa, dado que a Administración municipal non pode entrar en cuestións de propiedade ó corresponder a competencia para o seu coñecemento e resolución á xurisdicción civil. Neste senso, a controversia centrase na configuración ou non dese camiño como público en virtude da súa afectación ó uso público e da posesión pública e pacífica do mesmo polo Concello de Vigo. Así, á vista dos informes dos técnicos municipais e da documentación obrante no expediente, dedúcese que é indubitado o uso público do camiño de referencia . Se temos en conta que o ordeamento xurídico recoñece as corporacións locais plena capacidade xurídica para a adquisición de toda clase de bens e dereitos por calquera medio válido en dereito (artigos 5 LBRL; 270 e 275 da LALG; 8.4.c, 9, 14.1 RBEL) podemos concluir que non procede a rectificación inventarial solicitada posto que prima facie parece que o camiño de é de propiedade municipal e as Administracións públicas teñen a obriga de protexer e defender os seus bens e dereitos, tendo prohibido o alleamento fronte as demandas formuladas contra eles (artigos 5, 68.1 LBRL; 270, 284.2, 285 LALG; 220 ROF e 9 e 73 RBEL).

Quinto.- Natureza xurídica da presente reclamación. A reclamación en vía administrativa, segundo dispón o

artigo 120.1 LRJAP, é requisito previo ó exercicio de accións fundadas en dereito privado ou laboral contra calquera Administración Pública, salvo nos supostos nos que este requisito estea exceptuado por una disposición con rango de lei. No caso que nos ocupa, dado que trátase dunha cuestión de propiedade, e a declaración da existencia de dereitos, de acordo co disposto no **artigo 5 da LEC**, é competencia dos tribunais do orde xurisdiccional civil, resulta procedente a interposición de reclamación administrativa previa, carácter que cabe predicar da presente reclamación aínda que o interesado non a denomine formalmente deste xeito, en virtude do antiformalismo que preside a regulación dos procedementos administrativos na Lei 30/1992, de 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común, por analoxía co disposto no **artigo 110 LRJAP** respecto dos recursos administrativos.

Sexto.- Órgano competente para a resolución da reclamación administrativa previa. Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do expediente de alteración da cualificación xurídica dos bens a Xunta de Goberno Local de acordo co disposto no artigo 127.1.f da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local.

Polo anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Desestimar a reclamación administrativa previa á vía xurisdiccional civil formulada por D Juan Tomás Alvarez Rial mediante escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 10-01-2006, ó non resultar procedente, á vista dos fundamentos xurídicos recollidos no corpo do presente escrito, a rectificación inventarial solicitada respecto do tramo que parte do camiño Verdella recollido no epígrafe I de bens inmoables do Inventario municipal de bens e dereitos co número de propiedade 4.910".

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(2258).- MODIFICACIÓN DA TRAZA DO APARCADOIRO SUBTERRÁNEO DE USO MIXTO DA RÚA POLICARPO SANZ. EXPTE. 18144/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 18.12.07, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais (RS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).
- Lei 30/1992, de 26 novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).
- Lei 8/1995, de 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia (LPCG).
- Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006 (PCAP).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 21 de maio de 2007, acordou a adxudicación do lote 1 do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Areal, Policarpo Sanz e Pintor Colmeiro á favor da UTE Eloymar – Tranvías, segundo o prego de cláusulas técnicas e administrativas e os anteproxectos aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de agosto de 2006, formalizándose o contrato en data 13 de xuño de 2007.

Segundo.- D. Eloy García Alvariza, en nome e representación da UTE Eloymar – Tranvías, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 21 de novembro de 2007, propón unha modificación da traza do aparcadoiro da rúa Policarpo Sanz prevista no proxecto básico presentado.

Durante a tramitación da proposta de modificación recabáronse informes técnicos ós departamentos municipais implicados, así:

- Informes do Sr. Xefe dos Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de urbanismo, de datas 10 e 18 de decembro de 2007.
- Informe do Sr. Xefe da Área de mobilidade e seguridade, de data 14 de decembro de 2007.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

A concesión de servizo público para a construción e explotación de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Areal, Policarpo Sanz e Pintor Colmeiro outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de maio de 2007 á UTE Eloymar – Tranvías pode cualificarse como contrato de xestión de servizo público. Este contrato é definido pola Lei de contratos das Administracións públicas como aquel mediante o que as Administracións Públicas encomendan a unha persoa, natural o xurídica, a xestión dun servizo público (artigo 154.1 LCAP). A súa regulamentación específica está contida no título II do libro II da LCAP e no Regulamento de servizos das corporacións locais. Tamén lle serán de aplicación os preceptos establecidos na LCAP para o contrato de concesión de obras públicas (título V do libro II), por imperativo do artigo 158.2 LCAP, por comprender tamén a execución de obras.

-II-

A UTE Eloymar – Tranvías solicita dúas modificacións na traza do aparcadoiro da rúa Policarpo Sanz prevista no proxecto básico:

- A ampliación das beirarrúas nas zonas de ramplas 50 cm. a costa da beirarrúa oposta, mantendo a sección rodada.
- O desprazamento da saída rodada situada na rúa Pontevedra á beirarrúa oposta.

Na memoria presentada manifestase en xustificación da primeira destas modificacións que nas zonas de ramplas o espazo libre de beirarrúa quedaría reducido a 2, 20 m, sendo maior a redución do espazo baixo rasante polo feito de que as ramplas inclúen pantalla de pilotes e plenum, quedando so un espazo de 1, 50 m libres para a reposición de servizos.

O desprazamento da saída rodada se xustifica no feito de que facilita a conexión do saneamento e minimiza actuacións xunto á Universidade Popular. Así, no cruce das rúas Isabel II e Pontevedra se plantexa a conexión dun colector de saneamento a través do aparcadoiro, colgado do seu segundo forxado, cuxa traza debe transcorrer polo lateral descendente dereito da rúa Pontevedra, o que implica o desprazamento da rampla de saída á beirarrúa oposta á prevista no proxecto básico.

Ambas modificacións poden cualificarse como axustes do proxecto básico presentado de cara a redacción do proxecto de obras definitivo. Trátase de variacións de detalle que non afectan a economía do contrato, polo que non existe inconveniente na súa aprobación. Nesta liña, manifesta a UTE concesionaria, en escrito de data 18 de decembro, que “as modificacións propostas nas trazas dos aparcadoiros non teñen a máis mínima importancia a efectos presupostarios para a execución destas obras, sendo o importe da execución das obras

cas novas trazas practicamente igual que coas anteriores”. E segundo o informe do Sr. Xefe dos Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 18 de decembro de 2007 os cambios propostos non representan variación do prezo inicial do contrato. A lei de contratos, no seu artigo 229.3, da entrada a estas eventuais melloras ou axustes á hora de formular o contratista o proxecto de obras, preceptuando que será de aplicación o réxime de melloras do anteprojecto elaborado pola Administración, sempre e cando o prego de cláusulas administrativas particulares o autorice, e nos termos que este establece (artigo 228.5 LCAP), posibilidade recollida no artigo 30 PCAP. Neste senso, o prego de prescricións técnicas que rexeu o concurso para a adxudicación deste contrato admite esta posibilidade no seu artigo 6 apartado 2.6 ó dicir que “o proxecto de construción axustarase ás especificacións contidas neste prego. Nembargantes, previa xustificación, poderanse adoptar solucións distintas que melloren a funcionalidade e as características construtivas da obra e das súas instalacións. Calquera variación deberá ser unha mellora sobre as características mínimas que se indican no presente prego”.

O Sr. Sr. Xefe dos Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de urbanismo informa en data 10 de decembro de 2007, que procede acceder ó solicitado, condicionando esta aprobación das modificacións propostas a que non se modifique o ancho das ramplas de acceso e saída do aparcadoiro. Así mesmo, o Sr. Xefe da Área de mobilidade e seguridade, en data 14 de decembro de 2007, informa favorablemente ambas modificacións.

-III-

Presentada a oportuna proposta sobre a modificación da traza do aparcadoiro da rúa Policarpo Sanz polo adxudicatario, cos documentos que a xustifican, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación.

Procedemento ó que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, que é un municipio de gran poboación rexido polo Título X LBRL, hai que entendelas feitas ó titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 8ª apartado e, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas ós secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

-IV-

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto no artigo 127.1.f LBRL.

En mérito ó que antecede, PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL COMO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar os axustes na traza do aparcadoiro da rúa Policarpo Sanz proposta pola UTE Eloyamar-Tranvías en escrito de data 21 de novembro de 2007 consistentes en:

- A ampliación das beirarrúas nas zonas de ramplas 50 cm. a costa da beirarrúa oposta, mantendo a sección rodada.
- O desprazamento da saída rodada situada na rúa Pontevedra á beirarrúa oposta.

2º.- Condicionar esta aprobación a que non se modifique o ancho das ramplas de acceso e saída.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(2259).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL “ATALAIA”. EXPTE. 6584/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da técnica de Admon. Especial da Unidade de patrimonio do 20-11-2007, conformado polo concelleiro de Patrimonio e pola Intervención Xeral en data 13-12-2007, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a revisión de prezos do contrato de xestión da Escola Infantil Municipal Atalaia de Teis, adxudicado a Colegio Los Milagros, e prorrogado por acordo da Xunta de Goberno Local de 23 de xullo de 2007, polo período de 1 de agosto de 2007 a 31 de xullo de 2008, fixando o prezo para o período de prórroga na cantidade de 178.276,83 euros.

15(2260).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE SERVIZODA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL “SANTA CRISTINA DE LAVADORES. EXPTE. 6585/332

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da técnica de Admon. Especial da Unidade de patrimonio do 29-11-2007, conformado polo concelleiro de Patrimonio e pola Intervención Xeral en data 13-12-2007, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a revisión de prezos do contrato de xestión da Escola Infantil Municipal Sta. Cristina de Lavadores, adxudicado á entidade Mercantil “Dumbo, S.L.”, e prorrogado por acordo da Xunta de Goberno Local de 23 de xullo de 2007, polo período de 1 de agosto de 2007 a 31 de xullo de 2008, fixando o prezo para o período de prórroga na cantidade 178.907,23 euros.

16(2261).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE INSTALACIÓN, LIMPEZA E MANTEMENTO DE CONTENEDORES E PAPELEIRAS NO TERMO MUNICIPAL.EXPTE. 18210/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da técnica de Admon. Especial da Unidade de patrimonio do 14-11-2007, conformado polo concelleiro de Patrimonio e pola Intervención Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a revisión ordinaria do prezo do contrato de instalación, limpeza e mantemento de contedores e papeleiras do termo municipal de Vigo, adxudicado á empresa UTE Conteneur-Otto por acordo do Pleno do Concello de Vigo, de 29 de xullo de 2002,, fixando o mesmo, para anualidade setembro de 2007 a setembro de 2008, na cantidade de 2.384.142,69 euros/ano.

17(2262).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POLA LIMPEZA DE DEPENDENCIAS MUNICIPAIS. LINORSA. EXPTE. 18213/240

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do 21-11-2007 da técnica de Admon. Especial de Patrimonio, conformado polo concelleiro-delegado de Patrimonio e Contratación, visto así mesmo o informe jurídico da técnico de Admon. Especial da mesma data e o informe da Intervención Xeral do 6-9-2007, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Declarar a nulidade da prestación do servizo de limpeza realizado pola empresa “Limpiezas del Noroeste, S.A.”.

Segundo.- Aprobar a indemnización substitutiva a favor da empresa “Limpiezas del Noroeste, S.A.”, por un importe total de 362.021,74 euros, que se imputarán a partida presupuestarias 12102270000 do vixente exercicio.

18(2263).- INFORME SOBRE PREZOS CONTRADICTORIOS. UTE ESYCSA ETRA. EXPTE. 73550/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 11-09-2007 da técnico de

Admon. Especial, conformado polo xefe de Contratación e Novos Proxectos e polo Concelleiro de Contratación, visto que figura no expediente o informe favorable da Asesoría Xurídica de data 09-11-2007, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar os prezos contradictorios de subministración, man de obra e mantemento diario da sinalización semafórica, cctv e túneis que figuran no anexo nº 1 que se achega na memoria xustificativa presentada pola empresa adxudicataria UTE Esycsa-Etra, para a súa inclusión nos anexos V (prezos unitarios de equipos e elementos para actualización e remodelación da rede semafórica) e VII (relación de cruces e datas de posta en marcha), do prego de condicións técnicas que rexeu a contratación do servizo de ampliación, substitución, mantemento, conservación, reparación, subministración, instalación e explotación das instalacións de regulación, control e información de tráfico de vehículos e circulación de persoas.

19(2264).- DESESTIMACIÓN A D. ANGEL RODRÍGUEZ DA DESAFECTACIÓN TRAMO DO CAMIÑO COCHO EN CANDEÁN. EXPTE. 17889/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta da técnica de Admon. Xeral da Unidade de Patrimonio do 13-12-2007,, conformado pola xefa da área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Patrimonio que di o seguinte:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).*
- *Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).*
- *Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).*
- *Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).*
- *Lei 30/1992, de 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común (LRJAP).*
- *Lei 1/2001, de 7 de enero, de Enxuízamento Civil (LEC).*
- *Real Decreto de 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- Don Angel Rodríguez Méndez presenta escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 23 de agosto de 2006, solicitando a desafectación do carácter de ben de dominio público dun tramo do camiño do Cocho da Laxe R-1 en Candean, que figura no epígrafe 1 do Inventario Municipal de bens e dereitos. Achega coa solicitude os planos e escrituras da súa propiedade.

Segundo.- Na instrución do expediente foron levados a cabo os trámites procedementais regulamentarios e emitidos os pertinentes informes por parte dos técnicos dos servizos municipais competentes nas diversas materias que puideran incidir no obxecto do expediente, e na resolución que finalmente deban adoptar os órganos competentes desta Administración, constando os seguintes:

- *Informe do Arquitecto municipal da Oficina Técnica da Unidade de Patrimonio, de data 7 de xuño de 2007.*
- *Informe do Servizo de Electromecánicos, de data 3 de setembro de 2007.*

- Informe do Servizo de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 27 de agosto de 2007.
- Informe do Servizo de Vías e Obras, de data 15 de novembro de 2007.

Terceiro.- Así mesmo, outorgouse trámite de audiencia a A.VV de Candeán e os propietarios de parcelas colindantes, na súa condición de interesados no procedemento como titulares de dereitos que

se puideran ver afectados pola solicitude de rectificación inventarial plantexada, nos termos dos artigos 31 e 84 LRJAP, sen que se houberen formulado alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Identificación do ben controvertido. O camiño obxecto da presente reclamación figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por Acordo Plenario de data 4 de maio de 1993, no epígrafe I de bens inmóbeis, co número de propiedade 16070, como ben de dominio público afecto ó uso público e, na súa condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal.

Segundo.- Natureza xurídica de ben de dominio público do camiño do Cocho da Laxe R-1. Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopen afectados ó uso xeral ou ó servizo público, así como aqueles ós que unha lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LBRL, 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración de bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local (artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL).

Terceiro.- Carácter do Inventario Municipal de bens e dereitos. Entre os medios e facultades que establece o ordenamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das Administracións públicas se atopa a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario deberá autorizarse polo Secretario da Corporación local, co visto bo do Presidente, e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL), ou ben, no caso dos municipios de gran poboación, a Xunta de Goberno local (artigo 127.1.f LBRL).

O Inventario Municipal de bens e dereitos do Excmo. Concello de Vigo foi aprobado definitivamente por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, con referencia ao 31 de decembro de 1991. Para a súa aprobación seguíuse o procedemento establecido no artigo 49 LBRL para a aprobación das ordenanzas locais, aínda que as disposicións legais aplicábeis non o esixen, para maior garantía dos dereitos e intereses dos administrados, completándose ós seguintes trámites: a) aprobación inicial polo Pleno municipal, en data 19 de decembro de 1992; b) información pública e audiencia ós interesados por prazo de 30 días para formulación de alegacións e presentación de reclamacións, no seu caso; c) resolución de todas as reclamacións presentadas dentro de prazo; d) aprobación definitiva polo Pleno. No entanto, é de reseñar que durante o período de información pública non consta que se tivese formulado ningunha alegación en relación coa inclusión do camiño obxecto do presente expediente no Inventario Municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente ás vías públicas, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do mencionado inventario. En consecuencia, o camiño de referencia foi considerado vía pública de titularidade municipal integrante do patrimonio municipal en condición de ben de dominio público afecto ó uso público.

Tras o Acordo Plenario de aprobación definitiva do Inventario Municipal de bens e dereitos este deveu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e goza, polo tanto, da lexitimidade, validez e executividade que o noso ordenamento xurídico atribúe os actos administrativos firmes (artigos 56 e 57 LRJAP).

Cuarto.- Respecto a cuestión da rectificación inventarial solicitada. O presente expediente ten como finalidade determinar se é correcta a inclusión no epígrafe I do inventario municipal do camiño en cuestión en atención

ao seu uso público, ou, en caso contrario, de non concorrer esta circunstancia, se procede rectificar o inventario, dándoo de baixa, dado que a Administración municipal non pode entrar en cuestións de propiedade ó corresponder a competencia para o seu coñecemento e resolución a xurisdición civil. Neste senso, a controversia centrase na configuración ou non dese camiño como público en virtude da súa afectación ó uso público e da posesión pública e pacífica do mesmo polo Concello de Vigo. Así, á vista dos informes dos técnicos municipais e da documentación obrante no expediente, dedúcese que é indubidable o uso público do camiño de referencia. Se temos en conta que o ordenamento xurídico recoñece as corporacións locais plena capacidade xurídica para a adquisición de toda clase de bens e dereitos por calquera medio válido en dereito (artigos 5 LRBRL; 270 e 275 da LALG; 8.4.c, 9, 14.1 RBEL) podemos concluír que non procede a rectificación inventarial solicitada posto que, prima facie, parece que o camiño Cocho da Laxe R-1, Candeán é de propiedade municipal, e as Administracións públicas teñen a obriga de protexer e defender os seus bens e dereitos, tendo prohibido o alleamento fronte as demandas formuladas contra eles (artigos 5, 68.1 LRBRL; 270, 284.2, 285 LALG; 220 ROF e 9 e 73 RBEL).

Quinto.- *Natureza xurídica da presente reclamación.* A reclamación en vía administrativa, segundo dispón o artigo 120.1 LRJAP, é requisito previo ao exercicio de accións fundadas en dereito privado ou laboral contra calquera Administración Pública, salvo nos supostos nos que este requisito estea exceptuado por una disposición con rango de lei. No caso que nos ocupa, dado que trátase dunha cuestión de propiedade, e a declaración da existencia de dereitos, de acordo co disposto no artigo 5 da LEC, é competencia dos tribunais do orde xurisdicional civil, resulta procedente a interposición de reclamación administrativa previa, carácter que cabe predicar da presente reclamación aínda que o interesado non a denomine formalmente deste xeito, en virtude do antiformalismo que preside a regulación dos procedementos administrativos na Lei 30/1992, de 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común, por analoxía co disposto no artigo 110 LRJAP respecto dos recursos administrativos.

Sexto.- *Órgano competente para a resolución da reclamación administrativa previa.* Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do expediente de alteración da cualificación xurídica dos bens a Xunta de Goberno Local de acordo co disposto no artigo 127.1.f da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local.

Polo anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación administrativa previa á vía xurisdicional civil formulada por D. Angel Rodríguez Méndez mediante escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 23 de agosto de 2006, ó non resultar procedente, á vista dos fundamentos xurídicos recollidos no corpo do presente escrito, a rectificación inventarial solicitada respecto do camiño Cocho da Laxe R-1, Candeán, recollido no epígrafe I de bens inmóbeis do Inventario municipal de bens e dereitos co número de propiedade 16070”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(2265).- DESESTIMACIÓN A D^a PILAR ALONSO SOTELO DO RECURSO SOBRE ACTUACILIZACIÓN VALORACIÓN PARCELA. EXPTE. 17932/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do xefe de Patrimonio do 20-11-2007, conformado pola xefa da área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Patrimonio que di o seguinte:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- L 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- L 33/2003 de 3 novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP)
- L30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento

Administrativo Común. (LRXAP e PAC).

- *RDL 781/1986 de 18 de abril, do Texto refundido das Disposicións Legais en materia de Réxime Local (TRRL)*
- *RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).*

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno local, en sesión de 26 de marzo de 2007, acordou desestimar a solicitude formulada por Dña. Pilar Alonso Sotelo e outros, de adquisición da parcela municipal nº 561 do Inventario municipal de bens e dereitos, ao non resultar parcela sobrante de acordo co planeamento municipal. Acordo notificado o 16 de abril de 2007.

SEGUNDO.-Dña. Pilar Alonso Sotelo e Dña. Bibiana Soutiño Alonso, mediante escrito con entrada no Rexistro Xeral deste Concello de data 16 de maio do 2007, formula recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno local de 26 de marzo de 2007, solicitando a anulación de dito acordo.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMERO.- Procedo admitir a trámite o recurso de reposición interposto por canto se fai en tempo e forma de acordo co previsto nos arts. 116 e 117 LRXAP e PAC.

Os interesados no seu recurso alegan a inadmisibilidade da fundamentación xurídica que serve de base o acordo recorrido ao considerar que “a parcela non resulta sobrante segundo o planeamento, senon polo procedemento (expropiación para apertura de vial) de adquisición de dita parcela polo Concello”, para a continuación centrar o seu recurso no dereito de reversión previsto en materia de expropiación forzosa e dereito urbanístico.

SEGUNDO.- O recurso formulado decae pola súa propia argumentación o basarse en cuestións (instituto de dereito de reversión) que non foron obxecto do acordo recorrido que resolve sobre a solicitude das recorrentes de compra da parcela municipal nº 561, formulada en relación dun anterior acordo do pleno municipal de 12 de xullo de 1991 referido este ao alleamento directo de terreos sobrantes da vía pública (avda. Martínez Garrido) a favor de terceiros e na súa condición de propietarios colindantes sen, en modo algun facer referencia o resolver sobre hipotéticos dereitos de reversión.

TERCEIRO.- Asi mesmo, no que atinxe ao alegado sobre a calificación ou non da parcela como sobrante, en función do planeamento urbanístico, cabe sinalar que a normativa reguladora do patrimonio das Administracións públicas e concretamente, o previsto en relación a calificación e natureza xurídica dos seus bens inmóbeis establece que

podrán calificarse como parcelas sobrantes aquelas porcións de terreos propiedade das entidades locais que pola súa reducida extensión, forma irregular ou localización non foran susceptíbeis de uso axeitado (art. 268.2 LALG).

Agora ben, dita declaración require da tramitación dun expediente de calificación xurídica, de acordo co procedemento e requisitos que a propia normativa fixa para a alteración da calificación xurídica dos bens das entidades locais (art. 268.3 e 269 da LALG). Neste senso é de reseñar, fronte o alegado pola recorrente, que o planeamento urbanístico non só afecta e condiciona a natureza xurídica dos bens municipais, senon que, a teor do exposto e de acordo co art. 269.3 da LALG, configúrase como un dos supostos cuxa aprobación definitiva dá lugar a alteración automática da súa calificación xurídica, e polo tanto entre outras a de parcela sobrante.

Conseguentemente resulta axustado a dereito o informado pola xerencia de urbanismo referente a parcela de avance rexistrada baixo o nº 561 do inventario municipal de bens e dereitos, aprobado por acordo do pleno de 4 de maio de 1993, e a súa calificación ou non como parcela sobrante de acordo coas determinacións do planeamento.

CUARTO.- *Corresponde á Xunta de Goberno Local, a resolución do recurso de reposición interposto contra o seu acordo de 26.03.2007, de conformidade co disposto no art. 116 da L.30/92 de RXAP e PAC.*

Por todo o anteriormente exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

UNICO. Desestimar o recurso de reposición interposto por Dña. Pilar Alonso Sotelo e Dña. Bibiana Soutiño Alonso contra o acordo da Xunta de Goberno Local 26 de marzo de 2007 ao non resultar

desvirtuados, polos razonamentos expostos nos antecedentes do presente, os fundamentos técnicos e xurídicos que motivaron a súa adopción.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(2266).- DESESTIMACIÓN A Dª CARMEN NOGUEIRA DO RECURSO SOBRE DESAFECTACIÓN TRAMO CAMIÑO DE MUXENAS. EXPTE. 17328/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta da técnica de Admon. Xeral da Unidade de Patrimonio do 04-12-2007,, conformado pola xefa da área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Patrimonio que di o seguinte:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- *L 7 /1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime Local (LRBRL).*
- *L 5/1997 de 22 de xullo da administración local de Galicia (LALG).*
- *L 33/2003 de 3 de novembro do patrimonio das administracións públicas (LPAAPP).*
- *L30/1992 de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. (LRXAP e PAC).*
- *Rd 24 xullo de 1889 do Código civil (CC).*
- *L 4/1994 de 14 de setembro de estradas de Galicia (LEG)*
- *Rdl 781/1986 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais en materia de réxime local (TRRL)*
- *Rd 2568/1986 dde 28 de novembro, do Regulamento da organización, funcionamento, e réxime xurídico das entidades locais. (ROFRXEL).*
- *Rd 1372/1986 de 13 de xuño, do regulamento de bens das entidades locais. (RBEL).*

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Dª Carmen Nogueira Rouco presentou en data de entrada neste Concello o 19.6.2007 recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo que desestimou a súa solicitude de descatalogación dun ramal con orixe no Camiño de Muxenas de Vigo, e que lle foi notificada o 25.5.2007.

SEGUNDO.- Do recurso interposto deuselle traslado como interesados no expediente a Dª Isolina Costas Caride, Dª Marina Rodríguez Costas, Dª Esperanza Rodríguez Villar, D. José Rodríguez Villar, D. Alfonso Villar Bastos e á AA. VV. De Candeán.

FUNDAMENTOS

PRIMEIRO.- O recurso interponse no tempo e forma establecidos na Lei 30/1992, do 26.11 da LRXAP e PAC.

SEGUNDO.- O recurso fundáméntase sinteticamente en que o Concello incorporou o ben ao seu patrimonio de xeito unilateral, á marxe do propietario, tratándose dunha verdadeira aprobación do administrado, desprendéndose do expediente un acordo entre os propietarios do terreo sobre o que discorre o camiño e un

terceiro o que non é senon a constitución dunha servidume de paso permanente. Tamén que hai unha nulidade radical por canto a incorporación ao Inventario de bens do concello o foi pola vía de feito sen notificación ningunha aos propietarios. Solicita a revocación do acordo adoptado.

A Unión de Veciños de Candeán e D. Alfonso Villar Bastos suscriben a totalidade das argumentacións de D^a Carme Nogueira Rouco.

Pola súa banda D^a Marina Rodríguez Costas opónse ao recurso manifestando que a solicitante non acredita en ningún momento a súa propiedade, sendo a causa de desafectación unha denuncia, e D^a Isolina Costas Caride e esposo opoñense tamén por canto dín que a solicitante carece de lexitimación activa por canto non pode demostrar a súa propiedade sen que no seu momento se opoñera á inclusión do camiño no Inventario municipal.

TERCEIRO.- Indicar, que tal e como se indica na resolución que se recorre non procede no expediente entrar en cuestións de dereito privado que poidan plantexarse, xa que a competencia sobre o coñecemento e resolución de cuestións de propiedade ou titularidades dominicais corresponde á xurisdicción civil como reiteradamente vense ditaminando o Tribunal Supremo, impedindo que o acto administrativo prexuzgue a cuestión da titularidade dominical (STS 12.2.1998, 6.3.1998, 28.12.2005) entre outros.

Sentado o anterior, ningunha das alegacións contidas no recurso desvirtúa a fundamentación xurídica da resolución que se recorre, por canto o Inventario Municipal de bens e dereitos que foi aprobado polo Pleno do concello de 4 de maio de 1993, foi sometido á información pública para coñecemento e formulación de todas cantas alegacións que na defensa dos seus intereses puidesen facer os interesados, e na actualidade é firme, sen que se desvirtúe no expediente o uso público e posesión municipal do tramo do camiño controvertido, polo que procede confirmar a resolución que se recorre.

CUARTO.- É competente para resolver este recurso a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co disposto no art. 116 da LRXAP e PAC, ao tratarse do órgano que dictou a resolución impugnado.

Polo exposto, e de conformidade coa normativa citada e demais de xeral aplicación, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

ÚNICO.- Desestimar o recurso de reposición interposto por D^a Carmen Nogueira Rouco contra a resolución da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de data 7 de maio de 2007, que desestimou a súa solicitude de descatalogación dun ramal con orixe no camiño de Muxenas de Vigo e confirmar a mesma.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(2267).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS. AGRUPCONSA S.L. EXPTE. 2079/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade co informe-proposta de data 13-12-2007 asinado polo xefe de negociado de Contratación, visto o informe favorable da Intervención Xeral de data 11-12-2007, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a AGRUPCONSA, S.L. as fianzas de 14.072,26 e 1.526,67 euros constituída para responder das obras de acondicionamento do chalet Atalaia como Centro de Día Asistido xa que foron recibidas mediante acta de 21-11-2007 por se executaren conforme ás condicións do prgo que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

23(2268).- RECLAMACIÓN PATRIMONIAL DE D. FRANCISCO GALLAS. EXPTE. 1270/243.

Examinadas s actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 26-11-2007 da

técnica de Admon. Xeral da Unidade de Patrimonio, conformado pola xefa da área e Réxime Interior e así mesmo pola Intervención Xeral en data 17-12-2007, que di o seguinte:

“D. Francisco Gallas Bello presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 24 de outubro de 2006 no que expón que o día 24 de marzo de 2006, o vehículo de súa propiedade, con matrícula PO-3591-BL, estando estacionado na rúa Pardaíña, á altura do número 74, recibiu o impacto dun colector de lixo movido polo vento, causándose danos materiais ó dito vehículo.

A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Limpeza, de data 15/11/2006, indicando non teren constancia dos feitos reclamados.*
- *Informe do Parque Móbil, de data 20/11/2006, comunicando que os prezos contidos no presuposto de Talleres Alcabre, presentado polo reclamante, por un importe de 290 euros IVE incluído, son correctos.*
- *Práctica de proba testifical, en data 22/12/2006, á testemuña proposta polo reclamante, que confirma os extremos alegados polo Sr. Gallas.*
- *Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Contener-Otto, concesionaria do servizo de mantemento de colectores de lixo, que formula alegacións en data 12/01/2007*
- *Evacúase trámite de audiencia a Fomento de Construcciones y Contratas, concesionaria do servizo de limpeza e recollida de lixo, que formula alegacións en data 22/01/2007.*
- *Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 08/02/2007.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, así, entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.d e 81. a da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia) para a prestación do cal é necesaria a utilización de determinados medios materiais, como colectores situados na vía pública para o depósito de residuos sólidos. Ó Concello, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento dos mesmos, para que non poñan en risco a seguridade dos vehículos e persoas que utilizan a vía pública na que están situados, e este deber obriga a Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que alteren as

condicións de seguridade que está obrigada a garantir. No presente caso da declaración da testemuña presencial dos feitos despréndese que o colector bateu no vehículo, casándolle diversos danos, polo que a informante conclúe que se dá unha relación directa entre o dano e o que se constata como un deficiente funcionamento do servizo público.

Cuarto.- Unha vez determinado que concorren no presente caso os presupostos necesarios para imputar a esta administración a responsabilidade dos danos sufridos polo Sr. Gallas, é preciso determinar o importe da indemnización dos danos e perdas. O reclamante achega ó expediente un presuposto de Talleres Alcabre por un importe de 290 euros conformada polo servizo de parque móbil, que no seu informe considera que os prezos son correctos, polo que procede o seu aboamento.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Estimar a reclamación formulada por D. Francisco Gallas Bello en data 24 de outubro de 2006 por corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos sufridos por este, indemnizándoo coa cantidade de 290 €, correspondente ó valor da reparación do vehículo de súa propiedade, en concepto de danos e prexuízos”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(2269).- RECLAMACIÓN PATRIMONIAL DE D^a EVA DÍAZ PIÑEIRO. EXPTE. 1317/243.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admon. Xeral de data 10-12-2007, conformado pola xefa da área de Réxime Interior que di o seguinte:

“D^a. Eva Díaz Piñeiro presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 23 de novembro de 2006, no que expón que o día 20 de novembro de 2006, mentres camiñaba pola rúa Romil, á altura do número 27, sufriu unha caída tras pisar a tapa dun sumidoiro que se afundiou ó ser pisada, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 29/11/2006, no que indican que a concesionaria Aqualia é quen ostenta a titularidade e mantemento do sumidoiro referido na reclamación.
- Parte do servizo da Policía Local, de data 20/11/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a reclamante relátalles o accidente que tivera; así mesmo, comprobaban o sumidoiro cuxa tapa estaba fóra de lugar.
- Informe da U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, de data 16/03/2007.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 153,49 euros.
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, que formula alegacións en data 19/10/2007.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 19/10/2007, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de

forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministro de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na cláusula 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o regulamento de servizos das corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludible.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, a empresa concesionaria. Tras o exame do expediente, en especial do parte de servizo da Policía Local de Vigo de data 22/11/2006, así como do informe evacuado pola concesionaria en trámite de audiencia, que implicitamente recoñece a súa responsabilidade.

Cuarto.- Respecto ó importe da indemnización correspondente ós danos e perdas sufridos pola Sra. Díaz con ocasión do accidente obxecto do presente expediente a asesoría médica do Concello cuantifícaos en 153,49 euros. Aqualia, en trámite de audiencia, manifesta a súa conformidade con este ditame respecto ó período de sanidade recollido no mesmo, se ben mostran obxeccións a inclusión do factor de corrección por idade laboral xustificándoo na inexistencia de secuelas acreditadas. No entanto, o factor de corrección se aplica nos casos nos que a vítima esta en idade laboral, con independencia da existencia ou inexistencia de secuelas, sendo procedente a súa aplicación no presente caso, que consta acreditado que a Sra. Díaz no momento do accidente atopábase traballando.

Quinto.- Consonte o artigo 123 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa as reclamacións de responsabilidade patrimonial, cando se trate de servizos concedidos, se dirixirán á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no parágrafo segundo do artigo 122 da mesma lei, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso. A vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa

calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produzo debido a existencia dunha arqueta desprazada da súa ubicación orixinal, polo que a informante conclúe que a responsabilidade dos danos correspóndelle a concesionaria, por un defecto de mantemento da rede de sumidoiros.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dª. Eva Díaz Piñeiro.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 153,49 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(2270).- RECLAMACIÓN PATRIMONIAL DE Dª LUISA CASADO GARCÍA. EXPTE. 1267/243.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admon. Xeral de data 10-12-2007, conformado pola xefa da área de Réxime Interior que di o seguinte:

“Dª. Luísa Casado García presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 20 de outubro de 2006, no que expón que o día 21 de xullo de 2005, mentres camiñaba pola rúa Gamboa, á altura do número 5, sufriu unha caída ó introducir o pé nunha arqueta sen selar existente na beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte de servizo da Policía Local, de data 20/07/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Casado relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobaban as lesións sufridas por ela e a existencia dun sumidoiro ó que lle faltaba unha tapa, polo que proceden a sinalizar o desperfecto da beirarrúa.
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 31/01/2007, sobre o estado do lugar mencionado, indicando que o desperfecto correspondía a unha toma de auga de abastecemento.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 6.775,22 euros.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 10/08/2007, que non formula alegacións.
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, que formula alegacións en data 19/10/2007.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.

O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.

Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministro de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na cláusula 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o regulamento de servizos das corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludible.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, a empresa concesionaria. Tras o exame do expediente, en especial do parte de servizo da Policía Local de Vigo de data 20/07/2006, así como do informe evacuado pola concesionaria en trámite de audiencia, que implicitamente reconece a súa responsabilidade e unicamente formula reparos á indemnización procedente, a informante conclúe que dos danos debe responder a concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de auga, Aqualia.

Cuarto.- Respecto ó importe da indemnización correspondente ós danos e perdas sufridos pola Sra. Casado con ocasión do accidente obxecto do presente expediente a asesoría médica do Concello cuantifícaos en 6.775,22 euros. Aqualia, en trámite de audiencia, manifesta a súa conformidade con este ditame respecto ó período de sanidade recollido no mesmo, se ben mostran obxeccións a inclusión de secuelas e do factor de corrección por idade laboral, xustificándoo, por unha banda, en que no informe de alta médica do Servizo Andaluz de Saúde non se fan constar secuelas, as cales se poñen de manifesto unicamente nun informe dun médico privado solicitado pola reclamante un ano despois do accidente, e por outra, na inexistencia de prexuízos económicos acreditados por mor do accidente. Se ben respecto as supostas secuelas a informante estima correcta a tese de Aqualia pois estas efectivamente non constan acreditadas ó non ser mencionadas no parte de alta, non procedendo o seu aboamento, no entanto, respecto ó factor de corrección por idade laboral para que proceda o seu aboamento so é preciso a circunstancia obxectiva de que a vítima este en idade laboral e que efectivamente traballe, circunstancias ambas que concorren no suposto caso, polo que procede o seu aboamento, se ben deberá ser calculado sobre a cantidade correspondente ós días de incapacidade temporal, 4. 783, 80 euros, sendo este factor de corrección de 478, 38 €. Á vista destes datos, temos que concluír que a indemnización correspondente ós danos e perdas sufridos pola reclamante ascende a 5. 262, 18 €.

Quinto.- Consonte o artigo 123 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa as reclamacións de responsabilidade patrimonial, cando se trate de servizos concedidos, se dirixirán á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no parágrafo segundo do artigo 122 da mesma lei, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala. Esta resolución deixará aberta a vía

contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso. A vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produzo debido a existencia dunha arqueta destapada, polo que a informante conclúe que a responsabilidade dos danos correspóndelle a concesionaria, por un defecto de mantemento da rede de sumidoiros.

En mérito ó exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dª. Luísa Casado García.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos lle corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 5. 262, 18 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(2271).- RECLAMACIÓN PATRIMONIAL DE Dª CARMEN BAHILLO. EXPTE. 1194/243.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admon. Xeral de data 23-10-2007, conformado pola xefa da área de Réxime Interior e pola Intervención Xeral do 15-11-2007 que di o seguinte:

“Dna. María del Carmen Bahillo Comesaña presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 28 de agosto de 2006, no que expón que o día 26 de agosto de 2006, mentres camiñaba polo rúa Rosalía de Castro, á altura do número 29, sufriu unha caída por mor do mal acondicionamento da beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

Informe do servizo de Vías e Obras, de data 14/09/2006, sobre o estado do lugar onde ocorreu o accidente, indicando que na beirarrúa hai dúas filas de baldosas que estaban fóra de rasante.

Práctica de proba testifical en data 26/10/2006 a unha das testemuñas propostas pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Bahillo.

Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 493,68 euros.

Evacúase trámite de audiencia á reclamante en data 12/12/2006, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos. Principio recollido con respecto ás entidades locais no artigo 54 de Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, así, entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.d e 81. a da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia). A Administración ten o deber ineludible de manter estes de modo tal que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciables polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto, conséntase no expediente o deficiente estado da beirarrúa. Tal circunstancia, a xuízo, tanto do inspector do servizo de vías e obras como das testemuñas presenciais da caída, entraña un risco especial para os viandantes, ó non ser visíbel en circunstancias normais de circulación e tránsito, pois as lousas fora de rasante non se distinguen facilmente a causa do desnivel existente, inda empregando a dilixencia esixible como concreción da regra do control da propia deambulacón polos viandantes.

Cuarto.- Unha vez determinado que concorren no presente caso os presupostos necesarios para imputar a esta administración a responsabilidade dos danos sufridos pola Sra. Lois, é preciso determinar o importe da indemnización dos danos e perdas. A reclamante cuantifica os danos en 600 €, sen especificar o criterio de valoración empregado. No entanto, á vista da documentación médica aportada ó expediente, o Dr. Guillén, da asesoría médica do concello cuantifica a indemnización en 493,68 euros, cantidade que a informante estima a correcta.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Estimar a reclamación formulada por D^a. María del Carmen Bahillo Comesaña en data 28 de agosto de 2006 por corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos sufridos por esta, indemnizándoa coa cantidade de 493,68 € en concepto de danos e prexuízos”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(2272).- RECLAMACIÓN PATRIMONIAL DE D^a CARMEN DUARTE. EXPTE. 1136/243.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admon. Xeral de data 7-12-2007, conformado pola xefa da área de Réxime Interior que di o seguinte:

“Dona Carmen Duarte Araujo presenta en data 9.11.2007 recurso de reposición contra a resolución da Xunta

de Goberno Local que estimou en parte a súa reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Vigo, por mor de danos físicos causados a consecuencia dunha caída na rúa Regueiro, e que lle foi notificada o 31.10.2007.

FUNDAMENTOS

Primeiro.- Procede admitir a trámite o recurso de interposición interposto por canto se fai no tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Segundo.- O recurso fundaméntase sintéticamente en que a interesada afirma que caeu por canto as baldosas se atopaban soltas e non como se afirma de xeito arbitrario pola existencia dun buraco visíbel, tendo que prevalecer en todo caso o criterio dos técnicos. Que ademais dos danos no seu pulso dereito tamén sufriu danos na cabeza, que se non constaron no informe da Policía Local tratándose dun erro por omisión, xa que quedou sen coñecemento según informe médico e servindo como proba do anterior a documentación que cita e hai no expediente. Pola súa parte no seu día renunciou á compensación económica polos danos na cabeza e odontolóxicos, aceptando a proposta do equipo médico do Concello estimando que o correcto sería indemnizarlle na cantidade de 9.973,56 euros

Ningunha destas alegacións ten virtualidade suficiente para desvirtuar a resolución que se recorre, por canto non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts. 62 e 63 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, LRXPAC, como así se esixe no art. 107 do citado texto legal. A resolución baséase nos informes técnicos solicitados e recabados no expediente, de conformidade co que dispoñe o art 89.5 da LRXPAC que establece que a aceptación de informes ou ditames serviran de motivación a resolución e polo tanto non foi dictada dun xeito arbitrario. E así o informe emitido polo Servizo de vías e obras di que os defectos eran visíbeis a 5 m e ocupaban 1 m cuadrado. Das alegacións efectuadas tampouco hai proba ningunha dos danos bucodentais ou de cabeza a consecuencia da caída, non resultando a estes efectos suficiente escrito de denuncia que contén as propias declaracións da reclamante, resultando que, como xa se razonou na resolución que se recorre, ademais de non constar nin no atestado policial nin nos informes de asistencia médica en urxencias da data, hai un informe médico no expediente que refire unha caída con traumatismo facial nunha data moi anterior.

terceiro.- Consonte co art. 116 da LRXPAC, é competente para resolver este recurso a Xunta De Goberno Local ó tratarse do órgano que dictou a resolución impugnada.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Desestimar o recurso de reposición interposto por dona Carmen Duarte Araujo contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 15 de outubro de 2007 que estimou parcialmente a súa reclamación de responsabilidade patrimonial por mor dunha caída na rúa regueiro o 30 de xuño de 2007 e confirmar integramente a mesma.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(2273).- RECLAMACIÓN PATRIMONIAL DE D. EMILIO JOSÉ COMESAÑA. EXPTE. 823/243.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admon. Xeral de data 07-12-2007, conformado pola xefa da área de Réxime Interior que di o seguinte:

*“Primeiro.-*Aqualia FCC,VIGO, U.T.E. presenta o 10.9.2007 recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local que, estimando en parte a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por don Emilio José Comesaña Comesaña a consecuencia de danos por unha caída por mor dunha tapa de sumidoiro desprazada, lle declarou responsable deses danos cunha obriga de indemnización deles na contía de 2.073 euros,e que lle foi notificada en data 10.8.2007.

Segundo.- Do recurso de reposición interposto deúselle traslado a don Emilio José Comesaña Comesaña, quen

non fixo alegacións.

FUNDAMENTOS

Primeiro.- Procede admitir a trámite o recurso de interposición interposto por canto se fai no tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Segundo.-O recurso fundaméntase sintéticamente en que o deficiente funcionamento da infraestutura municipal causante do sinistro e que integra a concesión foi debidamente denunciada ante o Concello, e a problemática da rúa Olimpos ven sendo obxecto dende hai moitos anos dunha especial advertencia e necesidade da súa reforma integral en cumprimento das obrigas impostas no prego de condicións, o que motivou a absolución da empresa en recente procedemento na mesma rúa polo Xulgado contencioso-administrativo núm. 2 de Vigo.

Ningunha das alegacións da reclamante ten virtualidade suficiente para desvirtuar a resolución que se recorre, por canto non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts. 62 e 63 da LRXPAC, como así se esixe no art. 107 do citado texto legal, refiríndose a sentenza que achega do Xulgado contencioso-administrativo a un suposto diferente deste, resultando obrigado en cada expediente de responsabilidade patrimonial examinar dun xeito individualizado as circunstancias que nel concorren, polo que resulta obrigado desestimar o recurso de reposición presentado.

Terceiro.- Consonte co art. 116 da LRXPAC, é competente para resolver este recurso a Xunta De Goberno Local ó tratarse do órgano que dictou a resolución impugnada.

Polo exposto proponse á Xunta de Goberno local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Desestimar o recurso de reposición interposto por Aqualia FCC, VIGO, U.T.E. contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data de 16 de xullo de 2007 que estimando en parte a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por don Emilio Comesaña Comesaña lle declarou responsabel dos danos padecidos por éste a consecuencia dunha tapa de sumidoiro desprazada tendo que indemnizarlle na contía de 2.073,53 euros, e confirmar integramente a mesma”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(2274).- RECLAMACIÓN PATRIMONIAL DE MAPFRE SEGUROS. EXPTE. 855/243.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admon. Xeral de data 10-12-2007, conformado pola xefa da área de Réxime Interior que di o seguinte:

“Don Antonio Edreira Sánchez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación da entidade aseguradora Mapfre, Mutualidad de Seguros y Reaseguros a Prima Fija, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 2.12.2005, no que expón que o vehículo propiedade de dona María Villanueva Domínguez, asegurado nesa entidade e con matrícula 2938-DJF, sufriu danos materiais por mor da caída dunha árbore sobre él o día 21.8.2005 na avda. Castela de Vigo á altura do núm. 2.

- *A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*
- *Parte do servizo da Policía Local, con data 21.8.2005 no que os axentes actuantes informan que persoados no lugar dos feitos, comprobaron como una árbore caída drrubara unha farola, afectando a varios vehículos, entre eles ó da sra. Villanueva, que amosaba danos de rascazos no teito e na súa parte dianteira..*
- *Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, de 1.1.2006, no que manifestan que dos*

danos debe responder a empresa concesionaria do servizo de conservación e reposición de zonas verdes, Cespa. S.A.

- *Informe do servizo de Parque Móbil, de data 4.1.2006 manifestando que os prezos contidos na factura nº T/2965/2005 de Talleres Rafer, S.L. por un importe de 208,64 euros IVE incluído son correctos..*
- *Evacúase trámite de audiencia a concesionaria Cespa, que en data 21.2.2006 fai alegacións.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante en data 27.2.2006, que formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.-Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun contratista, dado que o dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración asumido por terceiro, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar o perxudicado, xa que a responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa contratista.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de parques e xardíns (artigos 25.2.d e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). A Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen. O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión de 28 de decembro de 1998, acordou adxudicar a CESPÁ, Compañía Española de Servicios Públicos Auxiliares, S.A., o servizo de conservación e reposición de zonas verdes conforme ó prego de condicións técnicas e administrativas, aprobado polo acordo plenario de 3 de agosto de 1998, contrato outorgado por un prazo de 4 anos, contado a partir do 1 de xaneiro de 1999, e posteriormente obxecto de prórrogas sucesivas por un ano, contrato que estaba en vigor na data do accidente.

O punto 4.1.1 do Prego de Condicións Técnicas do contrato de conservación e reposición de zonas verdes sinala que o adxudicatario atenderá debidamente en tempo e forma a realización dos labores de tratamento fitosanitario, e segundo a sentenza ditada pola sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso 02/0004044/2000 a labor fitosanitaria engloba dentro das responsabilidades da concesionaria a labor de conservación do arbolado en termos xerais e en concreto a súa vixilancia, polo que existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade dos danos que motivan a presente reclamación pode ser imputada a Cespa, na súa calidade de contratista do Concello e encargada da conservación e mantemento das zonas verdes, xa que o accidente debeuse a caída dunha árbore sobre a vía pública.

O artigo 97 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño establece que “Será obriga do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato” e de acordo co punto 19, apartado C, do prego de Condicións Administrativas de Conservación e Reposición de Zonas Verdes “o adxudicatario está obrigado a responder dos danos e perdas que se orixinen con motivo da execución do servizo, tanto á Administración municipal coma a terceiras persoas”, obriga que so decaería no suposto de que o dano fose producido por causas imputábeis a Administración , consonte o previsto no artigo 161.c do RD Lexislativo 2/2000.

Terceiro.- *Constada pola documentación que hai no expediente, especialmente parte do Servizo da Policía local de Vigo que acudiu ó lugar dos feitos, a realidade do dano así como a súa avaliación económica, procede polo tanto estimar a solicitude presentada e declarar responsable dos danos polos que se reclama a CESPA, S:A..*

Polo exposto, próponse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire á lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º. *-Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por don Antonio Edreira Sánchez en nome e representación da entidade aseguradora Mapfre, Mutualidad General de Seguros y Reaseguros a Prima Fija, por danos materiais no vehículo matrícula 2938-DJF por mor da caída dunha árbore o día 21 de agosto de 2005 .*

2º. *- Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde a Cespa S.A., empresa concesionaria do servizo de conservación e reposición de zonas verdes, de conformidade co establecido no corpo do informe, debendo dita empresa indemnizar ó reclamante na contía de 208,64 euros, correspondentes ó valor da reparación do vehículo”.*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(2275).- RECLAMACIÓN PATRIMONIAL DE D^a ARACELI GONZÁLEZ. EXPTE. 1045/243.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admon. Xeral de data 07-12-2007, conformado pola xefa da área de Réxime Interior que di o seguinte:

“Dona Araceli González Agulla presenta en data 9.11.2007 recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Vigo, por mor de danos físicos causados a consecuencia dunha caída nas escaleiras da rúa Grove interior de Vigo, e que lle foi notificada o 19.10.2007.

FUNDAMENTOS

Primeiro.- Procede admitir a trámite o recurso de interposición interposto por canto se fai no tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Segundo.- O recurso fundaméntase sintéticamente en que a lexislación vixente consagra a responsabilidade patrimonial e o dereito a indemnizar de toda lesión que sufran os particulares; resulta constatado a existencia dun dano corporal e un inadecuado estado de conservación das escaleiras que non se atopaban sinalizadas ocupando un tramo de 7 m, correspondéndolle o seu mantemento e conservación ó Concello e resultando suficiente a relación entre o accidente e esa deficiente conservación.

Ningunha destas alegacións ten virtualidade suficiente para desvirtuar a resolución que se recorre, por canto non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts. 62 e 63 da LRXPAC, como así se esixe no art. 107 do citado texto legal.

Tampouco se desvirtúa a motivación da resolución que se impugna, de conformidade coa doutrina e xurisprudenza que nela se expón , polo que resulta obrigado desestimar o recurso presentado.

Carto.- Consonte co art. 116 da LRXPAC, é competente para resolver este recurso a Xunta De Goberno Local ó

tratarse do órgano que dictou a resolución impugnada.

Polo exposto, propónse á xunta de goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Desestimar o recurso de reposición intrerposto por dona Araceli González Agulla contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 1 de outubro de 2007, que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial por mor de danos a consecuencia dunha caída na rúa Grove interior e confirmar a mesma”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(2276).- RECLAMACIÓN PATRIMONIAL DE D. BASILIO MOLARES. EXPTE. 1001/243.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admon. Xeral de data 07-12-2007, conformado pola xefa da área de Réxime Interior que di o seguinte:

“D. Basilio Moldes Villar presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 30 de marzo de 2006, no que expón que o día 30 de marzo de 2005 don José Villar Rodríguez circulaba co vehículo de súa propiedade, matrícula 0416-BJV pola rúa paradera e tivo un accidente ó pasar por enriba dun sumidoiro cuxa tapa se atopaba levantada, producíndose danos materiais ó mencionado vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 30.3.2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, don David Villar Granada relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobán os danos no vehículo e a reixa do sumidoiro que se atopaba fora do seu lugar.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 15.6.2006, indicando qu á data da inspección a zona fora completamente renovada e a rexilla causante dos dos desperfectos non se atopaba no seu emprazamento inicial, aínda que dan fé da súa existencia, así como outro de data 17.9.2007, informando que a reixa tiña a función de recoller as augas que baixan pola rúa Paradera, e esta rúa é de titularidade municipal.*
- *Informe do servizo de Parque Móbil, de data 5.10.2006, manifestando que os prezos contidos no presuposto de Hispanomoción, S.A., presentado polo reclamante, por un importe de 867,04 euros IVE incluído son correctos.*
- *Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, que fai alegacións en data 15.12.2006 e 24.10.2007.*
- *Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que non fai alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*

- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que esta garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No expediente, dse conformidade co parte de servizo da Policía Local de Vigo que acudiu ó lugar resulta acreditado que o interesado sufriu danos no seu vehículo producidos por unha rexilla de recollida de augas pluviais que se atopaba fora do seu lugar, danos avaliados en 867,04 euros IVE engadido. De conformidade cos informes do servizo de Vías e Obras do Concello, que se aceptan, e que consonte co disposto no art. 89.5 da lei 30/1992, do 26 de novembro, serven de motivación a esta resolución, dita reixa tiña a función de recoller as augas que baixaban pola rúa Paradeira atopándose nela, e a rúa Paradeira é de propiedade municipal, contrariamente ó alegado por Aqualia, polo que resulta procedente estimar a reclamación presentada.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produciu debido a existencia dunha focha nunhas obras na acometida de saneamento.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na súa cláusula que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento e na súa cláusula 116.1 que a concesionaria asumirá a responsabilidade que lle corresponda como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, quedando obrigada ó resarcemento de todos os danos e perdas que se lle causen a terceiros. Os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de junio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de diciembre de 1954, de Expropiación Forzosa imponen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala, de

acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Basilio Moldes Villar.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 867,04 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(2277).- RECLAMACIÓN PATRIMONIAL DE D^a M^a JOSÉ LOUREIRO. EXPTE. 1326/243.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admon. Xeral de data 11-12-2007, conformado pola xefa da área de Réxime Interior que di o seguinte:

“D^a. María José Loureiro Lorenzo presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 29 de novembro de 2006, no que expón que o día 21 de outubro de 2006, mentres camiñaba pola rúa Sanjurjo Badía, na súa confluencia coa rúa Purificación Saavedra, sufriu unha caída debido a que a beirarrúa nese lugar atópase moi pulida e esvaradía, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 21/10/2006.
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 08/01/2007.
- Práctica de proba testifical, en data 20/03/2007, á testemuña proposta pola reclamante.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante en data 21/06/2007, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos. Principio recollido con respecto ás entidades locais no artigo 54 de Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.

- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, así, entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.d e 81. a da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia). Neste senso, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estas vías de modo tal que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciabeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No caso que nos ocupa, a reclamante manifesta ter esvarado, o que se traduce nunha perda involuntaria do equilibrio, e de supor que por mor de que a beirarrúa estaba mollada como consecuencia da choiva, non por causa dun defecto da beirarrúa que puidera implicar falta de dilixencia desta administración no mantemento da mesma, neste senso, o servizo de vías e obras informa que o estado de colocación e conservación da baldosa é bo. Trátase polo tanto dun feito fortuíto e casual, totalmente alleo ó ámbito de responsabilidade da Administración. A testemuña presencial dos feitos puntualiza, ademais, que a Sra. Loureiro non esvarou na beirarrúa senón ó pisar unha arqueta de ferro. A Sra. Loureiro, ó ver a beirarrúa mollada, debeu extremar a precaución no control da súa propia deambulación, pois a baldosa mollada pode estar esvaradía, o que aumenta o risco de accidentes como o que lle ocorreu o reclamante, e se engadimos o dato de que a vítima é unha persoa de mediana idade, carente de defectos físicos ou psíquicos que lle puidesen impedir ou dificultar a detección desta circunstancia, podemos concluír que a negligencia da vítima interferiu no nexo causal, impedindo vincular ó funcionamento do servizo público o dano padecido.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D^a. María José Loureiro Lorenzo por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

33(2278).- RECLAMACIÓN PATRIMONIAL DE D^a NIEVES PORTAS. EXPTE. 1181/243.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admon. Xeral de data 07-12-2007, conformado pola xefa da área de Réxime Interior e pola Intervención Xeral en data 14-12-2007, que di o seguinte:

“Dona Nieves Portas Pardavila presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 4 de agosto de 2006, no que expón que o día 23 de xullo de 2006, cando se propñía cruzar o paso peonil que hai á altura do núm. 13 da rúa Oporto no cruce coa rúa Rosalía de Castro , metiu o seu pé nunha fochanca da calzada, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informes do servizo de Vías e Obras, de datas 11.8.2006 e 18.9.2006 sobre o estado da vía onde ocorreu o accidente..
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que os cuantifica en 493,39 euros.
- Práctica de proba testemuñal con data 18.01.2007, ás testemuñas propostas pola reclamante, que confirman os extremos alegados.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante con data 25.1.2007, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa producto de forza maior.

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliabel economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento extraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectividade dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliabel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e

imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrucción necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

- *O día 23 de xullo de 2006 o reclamante recibiu atención médica, segundo o parte do servizo de Urgencias de Povisa, por mor de lesións físicas a consecuencia dunha caída, que a Asesoría médica do Concello, no seu ditame, valora en 493,69 euros.*
- *No lugar onde ocorreu o accidente segundo a proba testemuñal practicada, de conformidade co informe solicitado ó efecto ó servizo de Vías e Obras do Concello, así como fotografías do lugar, que se corresponde cun paso peonil, había un pequeno bache de 0,50 m, visibel a 3 m de distancia.*
- *No intre de ocorrer o accidente a reclamante atopábase embarazada dun xeito visibel segundo a testemuña aportada, parece ser de 7 meses segundo a reclamante e o seu marido.*
- *A reclamante, traballadora por conta propia, estivo de baixa laboral polas lesións físicas padecidas dende o 27.7.2006 ata o 4.8.2006, percibindo en concepto de prestación económica por incapacidade laboral a cantidade de 138,56 euros.*

De todo o anterior, resulta que, acreditado que o accidente ocorreu ó tropezar nunha pequena focha que había no paso peonil do lugar, de uns 0,50 m que era visibel a 3 m de distancia segundo o Servizo de vías e obras, resulta preciso segundo a doutrina exposta ter en consideración as circunstancias físicas nas que se atopaba a reclamante, isto é, o seu avanzado estado de embarazo que evidentemente puideron dificultar a súa percepción, polo que procedería estimar a reclamación presentada.

As lesións valóranse en 493,69 euros. Non obstante, neste suposto resulta preciso, de conformidade coas últimas sentenzas ditadas polo Xulgado contencioso-administrativo núm. 2 de Vigo (entre outras 206/2007, 207/2007, 208/2007 de datas 9 e 10 de setembro, e 126/2007, de 7 de maio), que aplica o criterio do Tribunal Supremo na súa sentenza de 30.1.2006, ter en conta as cantidades percibidas en concepto de incapacidade laboral durante ese período, co obxecto de minorar a indemnización á que tería dereito, por canto en caso contrario produciríase un enriquecemento inxusto para a lesionada, o que daría un total de 355,13 euros.

Cuarto.- Consonte co anterior, procede estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguente indemnización, por resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por dona Nieves Portas Pardavila por unha caída ocorrida o día 23 de xullo de 2006 no paso peonil existente á altura do núm. 13 da rúa Oporto no cruce coa rúa Rosalía de Castro, por resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento dun servizo público municipal, indemnizándoa na contía de 355,13 euros”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

34(2279).- RECLAMACIÓN PATRIMONIAL DE D. VICTOR JOSÉ RIO. EXPTE. 1117/243.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admon. Xeral de data 07-12-2007, conformado pola xefa da área de Réxime Interior e pola Intervención Xeral en data 14-12-2007, que di o seguinte:

“Don Víctor José Río Sánchez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 20 de xuño de 2006, no que expón que o día 12 de xuño de 2006, camiñando pola rúa Tomás Paredes á altura do seu núm 1 tivo unha caída por mor do mal estado da beirarrúa, producíndose danos de carácter físico e ademais rompeu as súas gafas..

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes

trámites:

- *Informes do servizo de Vías e Obras, de datas 25.10.2006 e 9.2.2007 sobre o estado da beirarrúa onde ocorreu o accidente, indicando o último deles, á vista da declaración testemuñal que a baldosa causante do presunto accidente nun dos sueus laterales atópase uns 3 ou 4 mm máis alta que a seguinte, o que é difícil advertir visualmente..*
- *Informe do servizo da Policía Local de data 15.11.2006, no que manifestan non teren constanza dos feitos reclamados.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 271,20 euros.*
- *Práctica de proba testemuñal con data 19.12.2006 , á testemuña proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegador polo reclamante.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante con data 15.10.2007, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliabel economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulacón, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento extraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulacón, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliabel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impositivos da pretensión á

Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrucción necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

- *O día 12 de xuño de 2006 o reclamante recibiu atención médica, segundo o parte do servizo de Urgencias de Povisa, por mor dun traumatismo craneoencefálico con perda de coñecemento a consecuencia dunha caída cunha ferida inciso contusa, que a Asesoría médica do Concello, no seu ditame, valora en 271,20 euros, ó estimar suficientes ó efecto 10 días de baixa.*
- *No lugar onde ocorreu o accidente, de conformidade co informe solicitado ó efecto ó servizo de Vías e Obras do Concello, así como fotografías que hai no expediente, a baldosa causante del nun dos seus laterais atópase uns 3 ou 4 mm máis alta que a seguinte, o que é difícil de advertir visualmente se non se fixa a tat ención no punto concreto.*
- *De conformidade coa proba testemuñal practica e fotografía ó efecto a consecuencia da caída o reclamante rompeu as súas gafas, avaliadas en 681, 92 euros según presuposto ó efecto.*

De todo o anterior, resula que acreditado que o accidente ocorreu ó tropezar nunha baldosa que se atopaba levantada uns 3 ou 4 mm respecto á contigua, defecto dificilmente observabel segundo informa o Servizo de vías e obras, e tendo en conta que o reclamante é unha persoa relativamente maior, que á vista dos datos dos cristais das súas lentes que constan no presuposto que achega tiña defectos visuais importantes, é polo que resulta procedente estimar a solicitude.

Cuarto.- Consonte co anterior, procede estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Don Víctor José Río Sánchez por unha caída ocorrida o día 12 de xuño de 2006 na rúa Tomás Paredes de Vigo, por resultar probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento dun servizo público municipal, e indemnizalo na contía de 953,12 euros”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

35(2280).- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE VIGO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O IMSERSO E A ONCE PARA A EXTENSIÓN DO SERVIZO DE TAXI ACCESIBLE (EUROTAXI). EXPTE. 70989/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da xefa de Transporte do 09-11-2007, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade e pola concelleira-delegada de Benestar Social, a Xunta de Goberno Local acorda:

Modificar o contido do Acordo, punto 3º, adoptado en sesión celebrada en data 17 de agosto de 2005 pola Xunta de Goberno Local sobre ADHESIÓN DO CONCELLO DE VIGO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O IMSERSO E A FUNDACIÓN ONCE, PARA A EXTENSIÓN DO SERVIZO DE TAXI ACCESIBLE PARA O ANO 2007 quedando redactado da seguinte forma:

- 3º.- Aprobar a concesión dunha axuda económica a D. José Félix Ferreiro Rodríguez e a D. Juan José Iglesias Martínez para contribuir aos maiores custos do citado servizo, por un importe anual e durante catro anos de 2.404 euros, a cada un, con cargo á partida 22204700000 de Seguridade e/ou á partida nº 31304700000 da Area de Benestar Social, igual que se acordou conceder aos dous anteriores vehículos eurotaxis.

36(2281).- SOLICITUDE DO DEPÓSITO PROVISIONAL DUNHA ESCULTURA PARA O DESPACHO DO SECRETARIO XERAL.

Examinadas as acutacións do expediente, visto o informe proposta do director do Museo Municipal de Vigo “Quiñones de León” do 14-12-2007, conformado pola concelleira de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar o depósito temporal da obra CABEZA, de Acisclo Manzano, da colección municipal de arte galega, nº de inv. 1074, para o despacho do sr. Secretario Xeral, na Casa do Concello de Vigo, sendo os responsables da protección e conservación destas instalacións (Conserxería/Réxime Interno) os responsables do cumprimento das condicións de depósito que figuran en documento adxunto. Dárase conta deste depósito temporal á Xunta Rectora do museo municipal na primeira xuntanza deste que se produza”

37(2282).- PASE Á VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE MULTAS URBANÍSTICAS. EXPTE. 2699/407.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director dos Servizos Centrais da Xerencia Municipal de Urbanismo do 29-11-2007, conformado pola xerente de Urbanismo que di o seguinte:

“A partir de xaneiro do ano 2000 os ingresos polos distintos conceptos urbanísticos son liquidados, recadados e contabilizados polos servizos desta Xerencia Municipal de Urbanismo.

Dende esa data existen multas impostas por este organismo que non foron ingresadas no período voluntario, polo que deben pasar á vía de constrinximento.

De conformidade coa base 48ª das de execución do vixente orzamento prorrogado do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo “a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro dictará a correspondente providencia de apremio”.

O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.

En consecuencia, proponse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Quedar enterada das seguintes sancións urbanísticas que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dicte a correspondente providencia de apremio:

Sancións urbanísticas:

1. Mª Luisa Bastos Iglesias (NIF 36.085.294-L)	1.200,00 euros
2. Herminia Villa Fuentes (NIF 35.837.444-V)	800,00 euros
3. Genoveva Rodríguez Martínez (NIF 35.844.232-C)	1.800,00 euros
4. Promociones Urbanas Almevi, S.L. (CIF B-36.941.730)	600,00 euros
5. Angel D. Hermida Estévez (NIF 35.963.265-M)	900,00 euros
6. Manuel Davila Iglesias (NIF 35.902.784-Z)	1.000,00 euros
7. Alvaro Vila Rodríguez (NIF 34.244.409-P)	3.005,00 euros
8. Rogelio Alvarez Díaz (NIF 34.390.738-B)	300,51 euros
9. Amieiro, S.L. (CIF B-36.763.266)	3.000,00 euros
10. Lógica Integral, S.L. (CIF B-36.867.018)	300,00 euros

11. Ana M ^a Martínez Soler (NIF 51.048.421-J)	600,00 euros
12. Pilar Fernández Pato (NIF 1058129-Z)	301,00 euros
13. Ramón Conde Tiera (NIF 36.150.108-L)	1.000,00 euros
14. Santiago Piña Estévez (NIF 35.763.263-B)	600,00 euros”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do precedente informe.

38(2283).- RECEPCIÓN DE OBRAS DE URBANIZACIÓN DA UE IV-09 RAMÓN NIETO 3. EXPTE. 4764/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do 10-12-2007 do técnico de Admon Xeral da oficina de Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, conformado polo director da oficina de Planeamento e Xestión e polo director dos Servizos Técnicos que di o seguinte:

“En data 28.05.2001 o Pleno do Concello acordou: "(...) Aprobar definitivamente o estudio de detalle da unidade de execución IV-09 Ramón Nieto 3, (exp. 5653/411) situada entre a rúa Ramón Nieto e a Travesía de Pardavila, promovido pola Comisión Xestora –actualmente constituída en Xunta de Compensación– do devandito polígono, conforme ó proxecto técnico redactado pola arquitecta D^a. María A. Leboreiro Amaro, e visado polo COAG con datas 22 de marzo de 2001 e 4 de abril de 2001 (plano nº 6), coa precisión de que a parcelación e adjudicación de edificabilidades que figuran no estudio de detalle ós distintos propietarios ten carácter meramente indicativo, pendente de concreción no correspondente proxecto de compensación (...)"

No 16.05.2002 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar definitivamente o correspondente Proxecto de Compensación, así como desestimar diversos recursos de alzada interpostos contra varias resolucións da Xunta de Compensación (expte. 4300/401).

O 16.01.03 o Consello da Xerencia municipal de urbanismo deu aprobación definitiva o proxecto de urbanización da “UE IV 09 Ramón Nieto 3”.

En data 20.07.07 don Alfonso Ventoso Castro (e.r. da Xunta de compensación da UE IV 09 Ramón Nieto 3) solicita a recepción das obras de urbanización.

Constan no expediente os seguintes informes:

- “Gas Galicia, S.A.” de 29.08.07..
- “R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A.” de 20.03.07.
- “Aqualia gestión integral del Agua y Fomento de construcciones y contratas, S.A-UTE” de 10.10.07 e 12.11.07.
- “Telefónica de España, S.A.” de 19.10.07.
- Electromecánicos de 23.10.07.
- “Unión Fenosa, S.A.” de 24.09.07.
- Montes, parques e xardíns de 13.11.07.
- Oficina de supervisión de proxectos e inspección de obras de 22.11.07.
- Servizo de limpeza de 27.11.07, no que se informa o seguinte: “(...) Revisados os datos de utilización de colectores instalados no contorno, apréciase a necesidade de ubicar novas unidades de superficie con capacidade suficiente par recoller os residuos sólidos urbans xenerados polas vivendas de nova construción, dado que a capacidade instalada actualmente está practicamente completa. Por tal motivo e segundo os criterios técnicos establecidos no Concello de Vigo para instalación de colectores, resulta un total a instalar de 15.000 litros repartidos do seguinte xeito: Un colector azul para papel de 2.400 litros, dous contenedores amarelos para envases de 2.400 litros, un contenedor tipo <iglú> para vidro de 3.000 litros, dous contenedores verdes para orgánica e resto de 2.400 litros. Non obstante o anterior e dado que no proxecto de urbanización non se contemplou tal instalación, infórmase favorablemente a recepción da urbanización nas condicións actuais, pero co compromiso firme por parte da propiedade de suministrar as unidades referidas no prazo máis breve posible, e en todo caso antes de catro meses contados a partir da

data da recepción (...)”.

O adxunto ó director dos servizos técnicos informa o 30.11.07 o seguinte: "(...) Las obras de urbanización que se propone recibir definitivamente, se encuentran descritas en el exp 4307/401 Proyecto de Urbanización de la UE IV 09 Ramón Nieto 3, aprobado definitivamente en la sesión del 16.01.03 del Consejo de la Gerencia Municipal de Urbanismo. Se recogen dentro de este expediente, todos los informes favorables de las distintas empresas de servicios urbanos, así como de los departamentos municipales con competencias en los mismos. Las obras ejecutadas se ajustan sensiblemente a las aprobadas en su momento, estando reflejadas las mismas en el correspondiente documento de fin de obra, aportado tanto en formato digital como en papel impreso, por el solicitante. Por lo expuesto, no existe inconveniente desde el punto de vista urbanístico, para acceder a la solicitud de recepción definitiva de las obras (...)”.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Previsións legais sobre a recepción de obras de urbanización derivadas da execución de polígonos.- O art. 110.5 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA) dispón que: "(...) A recepción polo concello das obras de urbanización en execución do planeamento rexeráse polo disposto na lexislación de contratos das administracións públicas (...)". O art. 147.1 RDLex. 2/2000, do 16 de xuño, aprobatorio do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas preceptúa que: "(...) No tempo de recepción das obras trala súa terminación e ós efectos establecidos no artigo 110.2, concurrirá un facultativo designado pola Administración, representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo (...). 2.- Se as obras atópanse en bo estado e axustadas ás prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e o representante desta daraas por recibidas, levantándose a correspondente acta e comenzando entón o prazo de garantía (...) 3.- O prazo de garantía (...) non poderá ser inferior a un ano (...)”.

2.- Presencia no expediente dos informes técnicos preceptivos.- Consonte os informes da oficina de supervisión e inspección de obras e o adxunto do director dos servizos técnicos, procede a recepción das obras de urbanización.

3.- Prazo de garantía das obras de urbanización e necesidade de constitución da correspondente entidade urbanística de conservación.- De conformidade co artigo 147.3 do TRLCAP e o prazo de garantía será dun ano, durante o cal, en aplicación do artigo 167 do Regulamento de contratos das Administracións Públicas, os propietarios coidarán da conservación e policía das obras. Se descoidase a conservación e dese lugar a que perigue a obra executaranse pola Administración e a costa do contratista os traballos precisos para evitar o dano. No suposto de vicios ocultos na obra o prazo para esixir a responsabilidade será de 15 anos, de acordo co establecido no artigo 148 do TRLCAP. O prazo de garantía é dun ano. De acordo co establecido no Plan xeral vixente e a propia Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural, procede a inmediata constitución da entidade urbanística de conservación.

4.- Innecesidade da adopción do presente acordo.- As normas sobre contratación administrativa, ás que se remite a Lei 9/02, non contemplan a necesidade de adopción dun acordo expreso de recepción. Únicamente se esixe o levantamento dun acta asinado polo funcionario técnico da Administración contratante e un representante desta (artigo 147.2 do rdlex. 2/2000) na que se constate que as obras están en bo estado e conforme o proxecto aprobado.

5.- Órgano compentente para a resolución do expediente.-É competente para adoptar este Acordo a Xunta de Goberno Local, en virtude do artigo 127 da Lei reguladora das bases do réxime local na redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

En mérito dos feitos e fundamentos de dereito expostos, propónse ó Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo para que eleve esta proposta para a aprobación pola Xunta de Goberno Local do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO: Á vista dos informes do técnico da oficina do servizo de supervisión de proxectos e inspección de

obras de 22.11.07 e do adxunto ó director dos servizos técnicos de 30.11.07, acordar a recepción das obras de urbanización da “UE IV 09 Ramón Nieto 3”. Non obstante, a mesma quedará condicionada o cumprimento do informado do servizo de limpeza de 27.11.07.

SEGUNDO: Notificar o contido íntegro deste acordo ós interados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer alternativamente recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, sen prexuízo de que exerciten calquera outro que estimen procedente. Así mesmo, darlle traslado do contido íntegro deste acordo ós departamentos municipais de licenzas de obras, vías e obras, electromecánicos, montes, parques e xardíns, limpeza, patrimonio e contratación, estatística e cultura, e á concesionaria "AQUALIA-GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.A.", "Telefónica de España, S.A.", "Unión Fenosa S.A.", "R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A." e "Gas Galicia, S.A.".

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

39(2284).- RECEPCIÓN DE OBRAS DE URBANIZACIÓN DA RÚA PARDAIÑA. EXPTE. 4713/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admon. Xeral do departamento de Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 10.12.2007, conformado polo director da oficina de Planeamento e Xestión e polo director dos Servizos Técnicos, que di o seguinte:

“O 30.10.96 o Pleno do Concello acordou a aprobación definitiva do “estudio de detalle de soar na rúa Pardaiña”, redactado polo arquitecto D. Antonio Thomas de Carranza y Franco, con datas de visado no COAG de 12.07.94, 18.04.96, 18.09.96 e 18.10.96.

En data 18.01.01 o Consello da Xerencia municipal de urbanismo deu aprobación definitiva o proxecto de compensación do devandito ámbito (expte 4242/401). Así mesmo o 9.01.01, a entidade “Promociones Ganesen, S.L.” presentou escrito de compromiso de conservación das obras de urbanización do viario interior do polígono e de presentación de estatutos para a constitución dunha entidade de conservación ó efecto.

O Consello da Xerencia municipal de urbanismo, na súa sesión de 25.01.01 adoptou acordo de aprobación definitiva do proxecto de urbanización da rúa Pardaiña promovido pola entidade “Mallas Calzadas, S.L.”, con planos redactados polo arquitecto D. Antonio Thomas de Carranza e visados polo COAG en datas 19.02.97 e 7.11.96 (expte 4006/401).

En data 10.11.06 a entidade mercantil “Promociones Monesen, S.L.” solicita a recepción das obras de urbanización.

Constan no expediente os seguintes informes:

Constan no expediente os seguintes informes:

- “Gas Galicia, S.A.” de 16.03.07.
- “R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A.” de 20.03.07.
- “Aqualia gestión integral del Agua y Fomento de construcciones y contratas, S.A-UTE” de 29.03.07.
- “Telefónica de España, S.A.” de 23.03.07.
- Electromecánicos de 20.08.07.
- “Unión Fenosa, S.A.” de 7.08.07.
- Oficina de supervisión de proxectos e inspección de obras de 8.11.07.

O adxunto ó director dos servizos técnicos informa o 30.11.07 o seguinte: "(...) Las obras de urbanización que se propone recibir definitivamente, se encuentran descritas en el exp 4006/401 Proyecto de Urbanización de la

C/ Pardaíña s/n, aprobado definitivamente en la sesión del 25/01/01 del Consejo de la Gerencia Municipal de Urbanismo. Se recogen dentro de este expediente, todos los informes favorables de las distintas empresas de servicios urbanos, así como de los departamentos municipales con competencias en los mismos. Las obras ejecutadas se ajustan sensiblemente a las aprobadas en su momento, estando reflejadas las mismas en el correspondiente documento de fin de obra, aportado en papel impreso, por el solicitante. Por lo expuesto, no existe inconveniente desde el punto de vista urbanístico, para acceder a la solicitud de recepción definitiva de las obras (...)".

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Previsións legais sobre a recepción de obras de urbanización derivadas da execución de polígonos.- O art. 110.5 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA) dispón que: "(...) A recepción polo concello das obras de urbanización en execución do planeamento rexeráse polo disposto na lexislación de contratos das administracións públicas (...)". O art. 147.1 RDLex. 2/2000, do 16 de xuño, aprobatorio do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas preceptúa que: "(...) No tempo de recepción das obras trala súa terminación e ós efectos establecidos no artigo 110.2, concurrirá un facultativo designado pola Administración, representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo (...)". 2.- Se as obras atópanse en bo estado e axustadas ás prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e o representante desta daras por recibidas, levantándose a correspondente acta e comenzando entón o prazo de garantía (...) 3.- O prazo de garantía (...) non poderá ser inferior a un ano (...)".

2.- Presencia no expediente dos informes técnicos preceptivos.- Consonte os informes da oficina de supervisión e inspección de obras e o adxunto do director dos servizos técnicos, procede a recepción das obras de urbanización.

3.- Prazo de garantía das obras de urbanización e necesidade de constitución da correspondente entidade urbanística de conservación.- De conformidade co artigo 147.3 do TRLCAP e o prazo de garantía será dun ano, durante o cal, en aplicación do artigo 167 do Regulamento de contratos das Administracións Públicas, os propietarios coidarán da conservación e policía das obras. Se descoidase a conservación e dese lugar a que perigue a obra executaranse pola Administración e a costa do contratista os traballos precisos para evitar o dano. No suposto de vicios ocultos na obra o prazo para esixir a responsabilidade será de 15 anos, de acordo co establecido no artigo 148 do TRLCAP. O prazo de garantía é dun ano. De acordo co establecido no Plan xeral vixente e a propia Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural, procede a inmediata constitución da entidade urbanística de conservación.

4.- Innecesidade da adopción do presente acordo.- As normas sobre contratación administrativa, ás que se remite a Lei 9/02, non contemplan a necesidade de adopción dun acordo expreso de recepción. Únicamente se esixe o levantamento dun acta asinado polo funcionario técnico da Administración contratante e un representante desta (artigo 147.2 do rdlx. 2/2000) na que se constate que as obras están en bo estado e conforme o proxecto aprobado.

5.- Órgano competente para a resolución do expediente.-É competente para adoptar este Acordo a Xunta de Goberno Local, en virtude do artigo 127 da Lei reguladora das bases do réxime local na redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

En mérito dos feitos e fundamentos de dereito expostos, propónse ó Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo para que eleve esta proposta para a aprobación pola Xunta de Goberno Local do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO: Á vista dos informes do técnico da oficina do servizo de supervisión de proxectos e inspección de obras de 8.11.07 e do adxunto ó director dos servizos técnicos de 30.11.07, acordar a recepción das obras de urbanización da "Rúa Pardaíña" (expte 4713/401).

SEGUNDO: Notificar o contido íntegro deste acordo ós interados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer alternativamente recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, sen prexuízo de que exerciten calquera outro que estimen procedente. Así mesmo, darlle traslado do contido íntegro deste acordo ós departamentos municipais de licenzas de obras, vías e obras, electromecánicos, montes, parques e xardíns, limpeza, patrimonio e contratación, estatística e cultura, e á concesionaria "AQUALIA-GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.A.", "Telefónica de España, S.A.", "Unión Fenosa S.A.", "R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A." e "Gas Galicia, S.A."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

40(2285).- CONVALIDACIÓN DE GASTO FACTURAS DE TELEFÓNICA. EXPTEs. 54040, 52220, 54221, 54225/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 11-12-07 do xefe administrativo de Vías e Obras conformado pola concelleira-delegada da área de Servizos Xerais e Vías e Obras, visto así mesmo que obra no expediente o informe da Intervención Xeral de data 19-12-07, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito para o pago á Telefónica de España, S.A. das facturas por retirada de servizos de vías e espazos públicos en distintas obras do Concello :

- ✓ Factura nº. 36D7C2000001 das escaleiras Prza. Portugal por un importe de 1.159,34 € (IVE incluído)
- ✓ Factura nº. 36C7C2000002 da Zona das Ostras. Fase 2 por un importe de 1.221,23 € (IVE incluído)
- ✓ Factura nº. 36I7C2000003 da nova ponte no Pontillón por un importe de 20.816,88 € (IVE incluído)
- ✓ Factura nº. 36F7C2000002 da rúa Cominges – Matamá por un importe de 3.224,22 € (IVE incluído) ”

41(2286).- CONVALIDACIÓN DE GASTO FACTURAS DE VESTIARIO PARA VÍAS E OBRAS. EXPTEs. 54218, 54216, 54196, 54217, 54213/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 12-12-2007 do xefe administrativo de Vías e Obras conformado pola concelleira delegada da área de Sevizos Xerais e Vías e Obras, visto así mesmo que figura no expediente o informe da Intervención Xeral de data 21-12-2007, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o expediente de indemnización substitutiva por convalidación de gastos, con cargo á partida presupostaria 5110.221 04 00 do presuposto 2007, dacordo coa Base 28 de execución do Orzamento, para o pago á PEYCAR PONTEVEDRA,S.L. das facturas presentadas por subministro de vestiario para o persoal destinado ás memorias de traballo do Servizo de Vías e Obras dentro do programa de Colaboración Xunta – Concello, seguintes :

Factura nº 6965 por importe de 1.135,81 € (IVE incluído)

Factura nº 6968 por importe de 21,98 € (IVE incluído)

Factura nº 6970 por importe de 1.232,50 € (IVE incluído)

Factura nº 7006 por importe de 1.462,41 € (IVE incluído)

Factura nº 8102 por importe de 43,96 € (IVE incluído)

42(2287).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTORIA TASOGA, S.L. EXPTE. 1968/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude de data 17-10-2007, conformado pola concelleira-delegada de área e vistos así mesmo os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral de datas 31-10-2007 e 19-12-2007, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.-Prestar aprobación á indemnización substitutoria a favor de Tasoga S.L (C.I.F. B-36.199.412), na contía de 6.845,69 euros, correspondentes ao desenvolvemento de parte do programa Noites Vivas autorizado pola Concellería de Xuventude, durante o 1º e 2º trimestre do ano 2003

Segundo.-Recoñecer a obriga do gasto a favor do acredor polo importe 6.845,69 euros, correspondentes a factura: nº NV01de data 15/01/2007.

Terceiro.-Imputar o gasto polos respectivo importe ao crédito dispoñible na partida 4520.227.06.07 do orzamento vixente.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.